

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/11	O Pleno
<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	

**Tipo de convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

30 de outubro de 2025

**Duración:**

Desde as 20:32 ata as 23:13 horas

**Lugar:**

Salón de plenos

**Presidida por:**

María Dolores Castiñeira Alén

**Secretaria:**

Berta Alonso Soto

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
Núm. de identificación	Nome e apelidos	Asiste
76914480L	Alejandro Rodríguez Canosa	SI
35576809H	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SI
76899998G	Iván Lorenzo Rodríguez	SI
36061420L	Joaquín Núñez Troncoso	SI
76907658M	Jorge Gregorio Vaqueiro	SI
76898889E	José Luis Fernández Pérez	SI
34878073E	Marcos Troncoso Estévez	SI
76909361Y	María Dolores Castiñeira Alén	SI
36010833D	Salustiano Guerra García	SI
77006782E	Santiago Rodríguez Davila	SI
35578505N	Selene González Luis	SI
76901268D	Vanessa Rocha Núñez	SI
34879096X	Óscar Domínguez Sequeiros	SI

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na Orde do día.



**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación da acta da sesión anterior**

a) Acta da sesión núm. PLN/2025/7, ordinaria do 3 de xullo.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante), a presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2025/7 ordinaria do 3 de xullo enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

**VOTACIÓN:** non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2025/7, ordinaria do 3 de xullo; **que é aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE concelleiros/as asistentes neste intre á presente a sesión.**

b) Acta da sesión núm. PLN/2025/8, extraordinaria do 31 de xullo.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en diante), a presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2025/8 extraordinaria do 31 de xullo enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

**VOTACIÓN:** non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2025/8, extraordinaria do 31 de xullo; **que é aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE concelleiros/as asistentes neste intre á presente a sesión.**

**Expediente 2410/2025. Declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais as obras consistentes en: construción dun pozo de captación de auga no torreiro do Souto en Pomar de Suso, Santa María de Salceda**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Sr. Rodríguez Canosa:** Traemos neste segundo punto da Orde do día, unha declaración de especial interese e utilidade municipal, xa se levan traído varias, e neste caso, a solicitude está feita pola Traída de Augas do Castro Barreiro, que fan unha solicitude para unha obra consistente na construción dun pozo de captación de auga no Torreiro do Souto, en Pomar de Suso. Un pozo para a captación dun terreo e que, evidentemente, entra dentro destes supostos de utilidade municipal. O importe para bonificar da taxa é o 95 % do ICIO, que estamos falando de 147,25 €, isto leva en paralelo, aparelado, un expediente urbanístico, unha comunicación previa de obras, na que tamén a traída do Castro Barreiro solicita ao Concello, xa que se trata dun terreo público, un permiso e autorización para facer ese pozo de captación nese terreo, en ningún caso se vai ceder ese terreo á traída de augas.

**Sr. Rodríguez Davila:** Como tantas outra veces cando vén unha petición por un colectivo para que se lle bonifiquen certas taxas, loxicamente nós estamos a favor, e unha vez máis, por



recordar, este 95 % é grazas a aquela insistencia do noso grupo hai anos para conseguir pasalo do 50 % que estaba ao 95 % actual, polo tanto, desde aquela, como digo grazas á insistencia do noso grupo, pois todos os colectivos que así o soliciten, desde entón beneficiáanse desa bonificación do 95 %. Esperemos que o que solicita, neste caso, a traída de augas de Castro Barreiro, pois teña resultados positivos, que atopen auga pronto, que non haxa que gastar moito en profundidade, que sexa de boa calidade e que haxa que tirar dela en poucas ocasións significaría que os outros mananciais abastecen o barrio e que non hai moita seca. Polo tanto, creo que vamos estar todos de acordo e que as obras vaian ben e que o resultado sexa positivo.

**Sr. Domínguez Sequeiros:** Nós tamén estamos a favor, xa que se trata algo dun ben para os veciños, polo que nada que dicir.

**Sr. Guerra García:** Xa está previsto na ordenanza correspondente e é a declaración de ben de interese social. Non hai nada máis que discutir. A favor.

**Sra. Alcaldesa:** Votamos, pois, esta proposta de declaración de especial interese e de utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais as obras consistentes na construción dun pozo de captación de auga no terreiro de Souto en Pomar de Suso de Santa María de Salceda, seguinte:

“Vista da instancia presentada D. ALEJANDRO GONZÁLEZ MARTÍNEZ DNI 35543963Q, no nome e representación da TRAÍDA DE AGUAS DE CASTRO BARREIRO con NIF G36148252 2025-E-RE-2109 18/09/2025 13:57 solicitude de:

**EXPÓN:**

*CON MOTIVO DA SOLICITUDE DE PERMISO PARA REALIZAR A CONSTRUCIÓN DUN POZO NO TORREIRO DO SOUTO EN POMAR DE SUSO, SANTA MARÍA DE SALCEDA*

**SOLICITA:**

*QUE SE BONIFIQUE A TAXA CORRESPONDENTE POR SER CONSIDERADA UNHA OBRA DE INTERESE PÚBLICO*

Vista a providencia de Alcaldía polo que se inicia expediente de bonificación do 95 % Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras a favor de construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración.

Visto que a obra ten por obxecto, de acordo coa documentación achegada a *Construción dun pozo de captación de auga no torreiro do Souto en Pomar de Suso, Santa María de Salceda*, polo que pode considerarse obra de clara utilidade pública, por concorrer circunstancias de carácter social, ao tratarse dunha obra que afecta a unha competencia propia do municipio de conformidade co artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (de agora en diante LRBRL) que dispón que:

*«O Municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da Lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias:*

(...)

c) *Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais. (...)*».

Tratándose, ademais, dun servizo de prestación obrigatoria en todos os municipios, artigo 26.1.ª da LRBRL:

«a) *En todos os municipios: iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas*».

Visto o previsto no artigo 5.1 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora do ICIO do Concello de Salceda de Caselas e no artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Non obstante, o disposto no informe conxunto de Intervención núm. 2025-214 e de Tesourería núm. 2025-371.

De conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Pleno adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais as obras consistentes en: *Construción dun pozo de captación de auga no torreiro do Souto en Pomar de Suso, Santa María de Salceda*, incluídas no expediente núm. 2410/2025 a solicitude de D. ALEJANDRO GONZÁLEZ MARTÍNEZ, DNI 35543963Q, no nome e representación da TRAÍDA DE AGUAS DE CASTRO BARREIRO mediante un escrito recibido con data de 18/09/2025 (2025-E-RE-2109).

**SEGUNDO.** Recoñecer a bonificación do 95 % do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**TERCEIRO.** Notificar esta Resolución á persoa interesada, con indicación dos recursos que procedan.”

**VOTACIÓN:** Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade de votos a favor, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais as obras consistentes en: *Construción dun pozo de captación de auga no torreiro do Souto en Pomar de Suso, Santa María de Salceda*, incluídas no expediente núm. 2410/2025, por solicitude de D. ALEJANDRO GONZÁLEZ MARTÍNEZ, DNI 35543963Q, no nome e representación da TRAÍDA DE AGUAS DE CASTRO BARREIRO mediante escrito recibido, con data de 18/09/2025 (2025-E-RE-2109).

**SEGUNDO.** Recoñecer a bonificación do 95 % do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal do dito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**TERCEIRO.** Notificar esta Resolución á persoa interesada, con indicación dos recursos que procedan.

<b>Expediente 1011/2025. Aprobación inicial da Ordenanza reguladora do servizo de recollida e tratamento dos residuos municipais xerados no Concello de Salceda de Caselas</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento</b>

**Sr. Troncoso Estévez:** Neste punto da Orde do día traemos a aprobación inicial da Ordenanza reguladora do servizo de recollida e tratamento de residuos municipais xerados no Concello de Salceda de Caselas. A elaboración desta ordenanza o que pretende é adaptar a xestión dos residuos, a xestión que facemos no Concello dos residuos municipais, á normativa vixente. Hai dúas leis que son as que regulan a xestión dos residuos en España, unha en España e outra en Galicia, a Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para unha economía circular, e a Lei autonómica 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia. O alcance desta ordenanza, o que pretende, é regular a xestión dos residuos de competencia municipal, con xestión refírome á recollida, ao transporte e ao tratamento final dos residuos de competencia municipal. Cales son os residuos de competencia municipal? Hai moitos tipos de residuos, entre eles os industriais, residuos SANDACH, pero un deles, que é no que se centra esta ordenanza, son os de competencia municipal, que son aqueles residuos domésticos, os que se xeran nos fogares, na restauración, na hostalería, por exemplo; os residuos comerciais non perigosos e os residuos domésticos xerados na industria. Na industria xéranse residuos propiamente da actividade industrial, pero a maiores prodúcese tamén residuos similares aos que se producen nunha casa, por exemplo, un operario cando almorza pode haber unha casca dun plátano que poden ser residuos domésticos. É importante diferenciar entre estes residuos domésticos e os residuos industriais, que non entran dentro desta ordenanza. Que obxectivos pretendemos acabar con esta ordenanza? O principal é cumprir coa normativa vixente, temos que adaptarnos ás novas normativas que veñen de Europa e a estas normativas que acabamos de mencionar, impulsar tamén a xestión máis sostible e acorde a xerarquía dos residuos, establecer a obrigatoriedade de recollida selectiva e indicar aquelas prohibicións en canto a comportamentos na xestión dos residuos e, por suposto, establecer un réxime sancionador para aquelas condutas que non sexan ás correctas. O documento en si, non me vou a poñer a estenderme moito no contido del, pero si a facer un pequeniño resumo: son 4 bloques, 4 títulos e 2 disposicións finais. No primeiro título o que se recolle son un pouquiño esas disposicións xerais, tema de definicións, cal é o marco competencial, de que residuos ten que facerse cargo o Concello, as obrigas dos produtores de residuos, así como a listaxe con condutas prohibidas. No título 2, aí é onde se detalla un pouquiño máis ao polo miúdo o servizo que se fai de recollida dos residuos, cales son as modalidades de recollida que hai, que son 3: a recollida ordinaria, a recollida de cada unha das fraccións, neste caso recolleemos varias, como son os envases, papeis e cartón, vidro, biorresiduos, residuos vexetais, fracción resto, medicamentos e os seus envases, pilas e acumuladores e aceite de cociña usado; falamos tamén da compostaxe, como método de xestión dos biorresiduos nos apostamos pola compostaxe, tanto comunitaria como doméstica, e logo tamén se detallan as recollidas especiais de residuos, por exemplo a que temos os xoves de recollidas de voluminosos, despois tamén os minipuntos limpos que hai no Concello para recollida doutros tipos de residuos, como poden ser perigosos, residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, tamén se detalla a recollida de

restos de construción e demolición, vehículos abandonados e os residuos téxtiles.

Neste intre incorpórase á sesión o concelleiro Joaquín Nuñez Troncoso.

**Sr. Troncoso Estévez:** No título 3, no que se fai referencia á responsabilidade do réxime sancionador tipifícanse tres tipos de infraccións: infraccións leves, graves e moi graves e as sancións que veñen aparelladas, que están entre os 2.000 euros e os 600.000 euros dependendo da gravidade da infracción que se realice. E o último, o título 4, que recolle a competencia sancionadora, neste caso por parte da Alcaldía, e recóllense posibles acordos de colaboración con entidades menores para, por exemplo, execución de medidas xudiciais impostas a menores como, por exemplo, traballos en beneficio da comunidade.

Publicouse o 12 de agosto na web un período de consultas previas, que tivo ata o 3 de setembro, que me corrixa a secretaria pero creo que non houbo ningunha achega, e se sae aprobada esta ordenanza pasará a exposición pública na que haberá un período de achega de alegacións se se cre oportuno.

Quería tamén deixar unha constancia aquí, que é algo que se detectou nas comisións, que para iso serven tamén, duns erros que hai en dous artigos para que constase en acta por se se pode rectificar antes da exposición pública, que serían, por unha parte, no artigo 16, na segunda liña onde pon: “dunha recollida especial (sección segunda)” pois non debería dicir “sección segunda” senón “capítulo terceiro” e no artigo 34 no apartado 1, 2 e 3 habería que cambiar a parte inicial da frase e onde pon: “No caso de infraccións leves cando se trate de infraccións tipificadas nos apartados A, B, C, D e E do artigo 31...” aí debería ser modificado e debería poñer: “No caso de infraccións leves, cando se trate de infraccións tipificadas no artigo 31...”, aquí houbo un erro, porque ao final é unha ordenanza, un documento o suficientemente groso para traballar con borradores e foi un erro que non se emendou. O mesmo sería no punto 2, que a frase quedaría: “No caso de infraccións graves, cando se trate de infraccións tipificadas no artigo 32”, e no apartado 3, igual, “No caso de infraccións moi graves, cando se trate de infraccións tipificadas no artigo 33”.

**Sr. Lorenzo Rodríguez:** Estamos ante unha nova ordenanza coa cal se pretende, e esperamos, que se mellore a xestión dos residuos municipais, un reto complexo pero non imposible, unha nova realidade que necesita o compromiso activo de todos nós, de todos os veciños e veciñas, empresas e comercios e demais persoas xeradoras de residuos como axentes corresponsables na xestión dos residuos que producen. O noso Grupo na Comisión informativa celebrada o pasado luns día 27 propuxo unha serie de puntos de cara a mellorar o dito documento, pola cal presentamos a seguinte emenda: Artigo 16, Recollida de residuos non incluídos nas fraccións selectivas, fracción resto, propoñemos establecer un horario específico de recollida entre as 6 da tarde e as 5 da mañá desde 1 de novembro ao 1 de abril. Esta medida responde á necesidade de adaptar o servizo ás condicións climáticas neses meses, non é o mesmo as oito da tarde no verán que no inverno, e adáptalo tamén á realidade dos hábitos veciñais, reducindo molestias. Ademais, solicitamos que se detallen os días de recollida por parroquia, un calendario de recollida é fundamental para fomentar a colaboración de todos os veciños e evitar acumulacións innecesarias. Artigo 18, Recollida separada de residuos de pilas e acumuladores, engadimos que, ademais dos puntos xa previstos para o seu depósito, se habilite un lugar nos centros culturais das parroquias previo acordo cos mesmos; Artigo 19, Recollida separada dos aceites de cociña usados, propoñemos que o Concello habilite puntos estratéxicos de recollida en todas as parroquias,



ben sexa por barrios ou zonas de paso máis concorridas. Propoñemos esta emenda que non só mellora e complementa esta ordenanza, senón que tamén lles facilita a todos os veciños o compromiso activo na xestión dos residuos.

Por todo isto, solicitamos que esta emenda sexa tida en conta na redacción definitiva desta ordenanza e que se valore a súa aprobación.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Entendemos que este regulamento é unha ferramenta necesaria que urxe para a modernización da xestión dos residuos no Concello, na busca de un modelo máis sostible e eficiente, entendemos que a xestión dos residuos é un reto das administracións locais, xa que somos as máis próximas á cidadanía, entendemos que é positiva a busca da separación, clasificación dos residuos, así como impoñer un horario para a recollida, sobre todo na zona urbana que onde é máis factible que haxa cheiros e molestias, nas parroquias non o vemos tan necesario, pero ao mellor tampouco estaría máis. O tema de recollida nos centros culturais, ou a recollida nas parroquias, como dixo o compañeiro do Grupo Popular, en principio, tamén nos parece algo axeitado.

**Sr. Guerra García:** Nós xa expuxemos na Comisión unha serie de puntos que criamos que poden mellorar esta Ordenanza, algún deles paréceme que acaba de recollelo o Partido Popular, de todos os xeitos o que acaba de dicir o PP sobre a recollida de 18 horas á 5, eu creo que se refire a depositar o lixo, non á recollida de lixo. Nós non imos dar agora o debate porque temos bastantes puntos para expor no trámite de exposición provisional cando se publique e preferimos dar o debate sobre o que presentemos posteriormente, incluso unha vez que presentemos nos gustaría a posibilidade de que houbera unha reunión de todos os grupos, dos voceiros dos grupos, para ver se somos capaces de perfilar a redacción que lle poidamos dar tanto ás emendas que presentemos nós como a calquera outra que apareza nese período, de traer ao Pleno, na aprobación definitiva, un texto cunhas emendas que poidan mellorar, de acordo co que poidamos falar entre todos.

**Sr. Troncoso Estévez:** Nós estivemos estudando a emenda do Partido Popular. Parécennos boas achegas, achegas que poden axudar a mellorar a xestión dos residuos e incluso onde pon, na primeira das emendas, o artigo 16, do horario de 18 á 5 horas, incluso se pode ampliar á 7 horas, posto que o servizo de recollidas sae ás 7 de mañá e podemos ampliálo de 18 á 7 horas. Paréceme que son emendas que son aceptables e que estamos de acordo con elas.

**Sr. Guerra García:** A cuestión é se imos debater agora esas emendas ou as deixamos para unha aprobación definitiva. O Partido Popular pode dicir que as presentou e que as deixa para unha aprobación definitiva.

**Sra. Alcaldesa:** Tráxoas precisamente para iso e o concelleiro acaba de dicir que, ademais, que as recolle, nós cremos que suman e que achegan ao documento, que o fan foi máis rico, en todo caso, esta é a aprobación inicial e despois hai unha quenda para presentar todas as indicacións.

**Sr. Lorenzo Rodríguez:** Procedemos a modificar o horario como ti dis, o das 6 ás 7 de mañá, no artigo 16.



**Sr. Guerra García:** Se modifican o texto que presentan, porque falan de recollida de residuos, o horario será de 18 á 5, non é recollida é depósito.

**Sra. Alcaldesa:** Dou lectura á proposta de Alcaldía seguinte:

Vista a necesidade de proceder á aprobación dunha nova ordenanza reguladora do servizo de recollida e tratamento dos residuos municipais xerados no Concello de Salceda de Caselas.

Visto que se efectuou o trámite de consulta pública previa establecida no artigo 133.1 LPAC e que non consta que se presentasen suxestións ou opinións ao respecto.

Visto que, polo Departamento de Urbanismo/Medio Ambiente se procedeu á redacción da nova Ordenanza reguladora do servizo de recollida e tratamento dos residuos municipais xerados no Concello de Salceda de Caselas\*.\*

Visto o informe de Secretaría núm. 2025-0035 sobre o procedemento e a lexislación aplicable.

Visto o informe favorable núm. 2025-0061 da técnica de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Realizada a tramitación correspondente e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Pleno, por unanimidade de votos a favor, adopta o seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora do servizo de recollida e tratamento dos residuos municipais xerados no Concello de Salceda de Caselas.

**SEGUNDO.** Someter o texto a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que se poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>.

**VOTACIÓN:** Sometidas a votación as EMENDAS, estas resultan aprobadas por unanimidade de votos a favor.

**VOTACIÓN:** Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade de votos a favor, adopta o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do servizo de recollida e tratamento dos residuos municipais xerados no Concello de Salceda de Caselas.



**SEGUNDO.** Someter o texto a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello <http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>.

<b>Expediente 2181/2025. Ratificación do apartado primeiro da Resolución núm. 1084/2025 de aprobación de proxecto para a mellora integral de vías municipais en Salceda de Caselas 2025</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento</b>

**Sra. Alcaldesa:** Como xa expliquei na Comisión informativa que se celebrou o luns, este é un proxecto para mellorar diferentes vías naquelas partes que están máis danadas, non son a vía na súa totalidade senón estas pequenas obras de reparación, como dicía, nas vías máis danadas, que consiste na pavimentación deses pequenos treitos de camiños municipais que sempre van quedando, porque non son na súa dimensión completa, e esta vez reunimos un paquete deles para que esas zonas poidan ser melloradas e incluso aquelas zonas que sufriron ensanches poidan ser pavimentados. Tamén se inclúen, nestas pequenas obras, instalacións de tubaxe de PVC naqueles lugares que son necesarios para a recollida de pluviais e entre as diferentes actuacións recóllese un redutor de velocidade na contorna da Carrasca en Fontán-Parderrubias, que pretende mellorar a seguridade viaria tanto dos peóns como de todas as persoas que transitan por aquela zona, pero incluso tamén dos vehículos, porque se produce alí un cruzamento e tráfico intenso por mor dunha zona comercial.

As actuacións van ser nas seguintes parroquias: San Xurxo, Entenza, Santa María e Parderrubias; e o número das actuacións van ser sete, sete pequenas actuacións en San Xurxo, na Mariña e no Outeiro, en Entenza na costa da Prata cara á igrexa; en Santa María na zona de Xabarís, en Paxariña e un treito pequeno en Pomar de Suso e en Parderrubias os redutores que falábamos antes de Fontán. O importe do proxecto é de 28.562,26 € que será financiado polo Plan Máis Provincia 2025 da Deputación de Pontevedra, e agardamos que, xa que foi concedida a subvención, poidamos executar pronto estes traballos e se a meteoroloxía nolo permite pronto se levarán a cabo.

**Sr. Fernández Pérez:** Despois de revisar todas e cada unha das vías, entendemos que presentan un deterioro considerable con fochancas e deficiencias de drenaxe que dificultan a circulación de vehículos e peóns, especialmente en días de choiva. Esta mellora tamén facilitará o acceso aos servizos de urxencia, sexa ambulancias ou dotacións de bombeiros en caso de incendio etc. Polo demais, o voto do Partido Popular vai ser a favor.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Tras revisar os camiños e os anacos de vías que entran dentro deste paquete, entendemos que si é necesario, tal como moitos outros que quedan atrás, pero é un inicio o facer esta obra.



**Sr. Guerra García:** Obras de mantemento totalmente necesarias, o noso voto é a favor.

**Sra. Alcaldesa:** Pasamos á votación, se vos parece da ratificación do apartado Primeiro da resolución 1084/2025, aprobación do proxecto de Mellora integral de vías municipais en Salceda de Caselas 2025.

**VOTACIÓN: O Pleno da Corporación, acorda por UNANIMIDADE de votos a favor, ratificar o apartado primeiro da Resolución de Alcaldía núm. 1084/2025 que literalmente di:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o referenciado proxecto de obras denominado “PROXECTO DE MELLORA INTEGRAL DE VÍAS MUNICIPAIS EN SALCEDA DE CASELAS 2025” redactado polo Enxeñeiro de camiños, canles e portos, Javier Carballo Núñez, con data de 24/08/2025, ascendendo o total do orzamento de contrata a 28.562,26 € (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 4.957,09 € e o presuposto sen IVE a 23.605,17 €.

Expediente 2693/2025. Aprobación inicial da alteración da cualificación xurídica dun tramo do camiño do Pino Manso	
Favorable	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** O camiño Pino Manso, situado na Arrotea, na parroquia da Picoña. Logo da solicitude realizada pola Asociación veciñal, que forma parte do expediente, a Asociación Veciñal Carballeira da Picoña, onde se solicitaba un cambio dunha parte dun trazado dun camiño público, que se chama Pino Manso, no lugar da Arrotea, coa intención de, primeiro, desafectalo e logo permutalo por un tramo máis ancho que facilite o paso de vehículos cando na actualidade o camiño trazado é complexo e non o permite, non permite esa accesibilidade universal. Iniciamos con ese escrito un expediente de desafectación dese treito do camiño, cunha superficie total de 89 m<sup>2</sup> na actualidade, para que logo, despois deste proceso de aprobación se así o credes conveniente nesta sesión plenaria, se realice a permuta, e é o que se vai, precisamente, tratar neste punto. Logo da desafectación, a futura permuta, que vai permitir que eses vehículos dos veciños pasen con certa comodidade, temos que lembrar, dicirvos, que nesa zona hai veciños e veciñas con mobilidade reducida, polo tanto creo que é de xustiza mellorar o camiño para todo o mundo, pero especialmente para as persoas que sofren unha mobilidade reducida. O treito futuro tería 4 metros no inicio e 5 no treito final, cando agora mesmo na actualidade é 2,70 iniciais e de 2,50 finais co que as cifras xa din que ese camiño vai mellorar substancialmente a accesibilidade. Conta cos informes favorables, co informe técnico favorable e mais co acordo da veciñanza, polo tanto propoño a este Pleno a desafectación dese camiño denominado Pino Manso.

**Sr. Lorenzo Rodríguez:** O noso Grupo reconece que o cambio de trazado do camiño do Pino Manso na Arrotea, A Picoña, é unha actuación necesaria e positiva para mellorar o acceso a todos os veciños que se sirvan por dito camiño, especialmente aos veciños das parcelas 510 e 509. Sabemos das deficiencias de accesibilidade que presenta e coincidimos en que é



preciso actuar, non obstante, temos certas reservas dalgúns aspectos do proxecto presentado. Estamos ante un novo tramo con un ancho considerable pero cunhas esquinas de xiro que, de inicio, presentan dúbidas. Atopámonos con diferentes opinións dos veciños cos que falamos, unhas opinións de conformidade á execución da permuta, onde estes aseguran que lles garantiron o paso perfectamente, sexa e un camión pequeno, unha ambulancia; e outros cunhas opinións nas que mostran o seu rexeitamento alegando a dificultade de paso que poden presentar as esquinas do trazado, tanto na súa entrada na Arrotea como na esquina que enfila cara ás parcelas 510 e 509. Por todo isto pedimos o compromiso de garantir o paso sen dificultades por ditas esquinas.

**Sr. Domínguez Sequeiros:** Nós, ao igual que os nosos compañeiros, estamos de acordo porque pensamos que vai mellorar a accesibilidade a esa vivenda e o camiño si que gaña en anchura; pero falando coas partes implicadas, houbo unha pequena modificación e mellora, que tamén estamos de acordo. Pero tamén pensamos que é mellorable sobre todo na entrada e saída, é mellorable para o acceso de, sobre todo, de camións ou coches máis voluminosos. Estamos a favor pero cremos que se pode mellorar a entrada e saída do camiño.

**Sr. Guerra García:** Actualmente o acceso á vivenda que necesita mellorar ese acceso, precisamente, a señora Presidenta xa falou da largura do camiño inicialmente 2,70 e 2,50 ao final, e para entrar nese camiño ten que facerse un ángulo reto de 90°, é dicir, a persoa que accede a esa vivenda que ten esa necesidade está accedendo por unha parcela onde hai un parque de xogos porque é inviable polo camiño de acceso natural na medida en que, con que esa largura de camiño 2,7 un ángulo reto de 90°, é imposible. Indubidablemente, a proposta que se fai, aproximadamente, deixaría sobre 45 graos tanto ao acceso como o final, ao final non vai ser cómodo na medida que alí xa hai construcións, quero dicir, entrando polo camiño ata o final, á dereita, hai unha casa coas súas construcións e non vai ser fácil a posibilidade de melloralas. Agora, de como está agora a como se propón é que é da noite ao día, a diferenza, e a propia persoa que solicitou ao veciño que accedera á permuta, esa persoa que ten unha vivenda, que ten un vehículo con tarxeta de mobilidade reducida por un fillo ou unha filla, mostrou en todo momento a súa conformidade coa proposta que se lle fixo, eu creo que non debía haber dúbida de que vai mellorar substancialmente o acceso, non só á vivenda senón ás parcelas que hai a partir da vivenda na que non hai máis construcións.

**Sra. Alcaldesa:** Pois eu ía utilizar a miña segunda quenda para dicir un pouco o que xa díxo Tano, creo que as cifras xa foron dadas dos 2,70 iniciais aos 2,50 finais pasamos a 4 metros iniciais e 5 metros finais. Non hai que non ter en conta que hai construcións feitas. Tanto, por unha banda, uns propietarios como outros, non somos quen para dicirlles que esas puntas que efectivamente sobresaen e que mellorarían moito o camiño, fagan o recuamento necesario para mellorar o camiño, tamén creo que a persoa cedente, para que a permuta saia adiante, xa fai un exercicio solidario de achegar máis metros dos que se lle pide. Eu creo, realmente, que cumpre todos os requisitos, e repito, as persoas sobre todo nas que pensábase que era esta familia con mobilidade reducida, en ningún momento estiveron en desacordo e cremos que as medidas son suficientes e que melloran, se estiveses alí ben o vistes, porque ademais o camiño xa está marcado cos cordeis, tiramos un fío e vese perfectamente por onde vai ir o treito e a anchura do camiño. Desde logo, todo é mellorable,



evidentemente, pero eu creo que a situación cambia moitísimo.

Seguidamente propónse a votación da proposta seguinte de aprobación inicial da alteración da cualificación xurídica do tramo do camiño do Pino Manso, como vos dicía antes o que se vota é a súa desafectación.

“Visto o escrito presentado pola Asociación de veciños Carballeira (Rex. Núm 2025-E-RE-1668) solicitando o cambio dunha parte do trazado do camiño público denominado “Pino Manso” no lugar da Arrotea, parroquia da Picoña, para os efectos de permutalo por un tramo máis ancho que facilite o paso de vehículos, algo que non é posible polo trazado actual.

Vista en consecuencia, a necesidade de tramitar o procedemento para proceder á desafectación do devandito tramo de camiño público do Pino Manso dunha superficie de 89,00 m<sup>2</sup> para a súa posterior permuta, para os efectos de favorecer o tráfico rodado dos veciños da zona e especialmente das persoas con mobilidade reducida que alí residen.

Visto o disposto no informe de Secretaría núm. 2025-0036 e no informe técnico núm. 2025-0258.

Visto que a aprobación inicial corresponde ao Pleno da Corporación conforme ao establecido no artigo 8 do Regulamento de bens das entidades locais aprobado por Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño e dos artigos 22.2.l) e 47.2.n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Pleno adopta o seguinte

## **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a alteración da cualificación xurídica do camiño público inventariado como “Camiño do Pino Manso”, na Epígrafe 1C, co número de orde do grupo 0000000007, e co número de orde de Inventario 298, no tramo de 89,00 m<sup>2</sup> aproximadamente (29,70 metros x 3,00 metros) definido no informe técnico núm. 2025-0258, pasando de ben de dominio público a ben patrimonial, para a súa posterior permuta.

**SEGUNDO.** Publicar este Acordo no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de 1 mes, para que durante este período se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

Así mesmo, o expediente estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello [<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>].

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE VOTOS a favor dos/as concelleiros/as do Grupo municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE(2) e BNG (1), e SEIS ABSTENCIÓNS dos/as concelleiros/as do Grupo municipal PP (6).**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a alteración da cualificación xurídica do camiño público inventariado como “Camiño do Pino Manso”, na Epígrafe 1C, co número de orde do grupo 0000000007, e co número de orde de Inventario 298, no tramo de 89,00 m<sup>2</sup> aproximadamente (29,70 metros x 3,00 metros) definido no informe técnico núm. 2025-0258, pasando de ben de dominio público a ben patrimonial, para a súa posterior permuta.

**SEGUNDO.** Publicar este Acordo no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de 1 mes,



para que durante este período se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

Así mesmo, o expediente estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello [<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>].

<b>Expediente 2728/2025. Modificación da Relación de Postos de Traballo: Conserxe notificador/a</b>	
<b>Desfavorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 4, En contra: 9, Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Sr. Rodríguez Canosa:** Traemos, neste punto, a modificación da Relación de Postos de Traballo no referente ao posto de conserxe notificador. Esta modificación iníciase para dar cumprimento á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Nesta sentenza o Xulgado ordena facer unha nova valoración deste posto reducindo unhas funcións e incrementando a perigosidade do posto. Na sentenza o que nos indica é que hai que retirar as funcións de elaboración de bandos e a función de xestión do programa de vacacións permisos e licenzas do persoal municipal e, como xa dixen antes, tamén indica que hai que aumentar a valoración na perigosidade. Realízase unha nova valoración deste posto e inclúese neste documento de modificación da RPT e tráese a Pleno para súa aprobación. Unha vez feita a valoración está no documento que puidestes comprobar, sofre, ao final, retirando funcións e subindo a perigosidade, dá por resultado unha lixeira subida na dotación económica.

**Sr. Núñez Troncoso:** Primeiro, quería dar as desculpas por chegar un pouco tarde, pero problemas familiares así mo impediron. Dito isto, estamos ante un expediente que o que se fai, é derivado da sentenza, como dixo o concelleiro, do TSX de outubro do 2024. E cabe facer varias preguntas: se o goberno, a alcaldesa, xa sabía desta sentenza, en decembro, como mínimo, en decembro do 2024, porque así está recollida na acta da mesa de negociación cos representantes dos traballadores, que se fixo desde aquela ata agora? Que se fixo? Nada, unha inacción total do Goberno, non se fixo absolutamente nada. Por que se trae agora ao Pleno? Que mudou desde decembro do ano pasado ata agora? Non será unha notificación do xulgado ao señor Alejandro, concelleiro de Persoal, firmada o 7 deste mes, onde o Xulgado o insta a executar a sentenza, dándolle un prazo de dous meses, ou sexa, ata o sete de decembro? Documento que temos aquí, agora, non sabemos por que este documento non está no expediente, por que non está este documento no expediente? E moito dubidamos que estea non Rexistro de entrada.

**Sra. Alcaldesa:** Perdón, podo preguntarlle que documento é ese?

**Sr. Núñez Troncoso:** É un exhorto do Xulgado, o señor Concelleiro pode explicarllo mellor ca min, firmado por el. O señor concelleiro que o recibiu, que foi notificado, eu creo que llo pode explicar mellor ca min. Eu digo por que non está no expediente? Pero el sabe, e vostede terá que sabelo, digo eu.



**Sra. Alcaldesa:** Eu teño que saber todos os documentos que están no expediente, señor Joaquín? Se está facendo alusión a un documento, eu só lle pido que me diga a que documento se refire, nada máis.

**Sr. Núñez Troncoso:** Un exhorto, unha dilixencia de requirimento. No expediente non está, e dubidamos tamén que estea no Rexistro de entrada. Agora ben, a proposta que nos trae a alcaldesa encima da mesa é exactamente a mesma que lle formulou aos representantes dos traballadores hai practicamente un ano, é exactamente a mesma a valoración que fai a empresa é a mesma que hai de novembro de 24 ao outubro de 25, por certo, unha valoración sen asinar, sen a data concreta, nin sabemos quen é o técnico que elaborou esa valoración. Os propios informes da señora Secretaria municipal e da señora Interventora municipal así o recollen, que é exactamente a mesma valoración. E a proposta, como ben lle dixeron os representantes sindicais, non se axusta integramente ao que di a sentenza do que hai que facer, non se axusta integramente, e o propio informe de Secretaria así o avala, que non se axusta completamente ao que recolle a sentenza. Pero o máis grave é que se pretende enganar o Xulgado, si, preténdese enganar o Xulgado por parte do goberno, señor Alejandro, por que vostede pretende enganar ao xulgado? Terá que dar unha explicación, porque mire, un documento firmado 31 do 7 polo señor Alejandro e remitido ao Xulgado e di: “ante a imposibilidade de aprobar a nova proposta da Relación de Postos de Traballo no Pleno celebrado o 3-7-25, este tema será debatido na vindeira sesión ordinaria do Pleno que se celebrará o 28-8-25”, pois isto non é certo, porque nin no pleno 3 do 7 este punto non viu ao Pleno e, polo tanto, menos se puido votar e o 28 de agosto tampouco viu ao Pleno, polo tanto tampouco se puido votar. Pois digo, outro documento que non está no expediente e dubidamos tamén moito que estea non Rexistro de saída. Pero, señora Alcaldesa, vostede tamén pretende enganar ao Xulgado? Dígollo porque vostede aquí asina o 20 do 6 e di: “a previsión é aprobar esta nova modificación puntual de Relación de Postos de Traballo no vindeiro Pleno ordinario do Concello de Salceda de Caselas a celebrar o 3 de xullo de 2025”, e isto sabe perfectamente que a señora Alcaldesa é quen relaciona os puntos que van na convocatoria e este non está, polo tanto non se puido tratar e menos votar. Aquí haberá de facer unha serie de reflexións. Sr. Marcos, Sra. Selene vostedes sabían destes informes? Porque se o sabían é moi grave, moi grave que se pretenda enganar aos Xulgados e vostedes nin se inmuten. Sr. Xurxo, Sr. Óscar, vostedes van seguir apoiando a esta alcaldesa que pretende enganar o Xulgado? Van seguir apoiando este goberno? O mesmo a vostede, señor Salustiano, eu creo que vostede non está de acordo con que un concelleiro ou unha alcaldesa pretenda enganar ao Xulgado, creo que non, pero o certo é que os está apoiando, vostede está permitindo que pasen ese tipo de cousas e outras, como pasaran hoxe, vostede e o Partido Socialista, outro tanto, están permitindo isto. Outro documento máis que non está no expediente, señora Alcaldesa, o orixe de todo isto, a propia sentenza de outubro de 2024, o documento, digamos, o xerme de todo este expediente e non está no propio expediente, non sei por que non subiron.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Nós, unha vez tida unha reunión co afectado, así como de comprobar que esta RPT non se axusta á sentenza, o que pediríamos era que, se pode ser, que se retire o punto da Orde do día, que se convoque a Mesa de negociación e que veña a RPT aplicando á sentenza, tras ser aprobada no órgano competente.

**Sr. Guerra García:** Nós non podemos aprobar esta proposta que nos fai o Goberno local, e vou explicar o porqué sen entrar en valoracións de se a señora Alcaldesa engana o xuíz ou se o señor Canosa engana o xuíz. Hai unha sentenza de outubro do 24 sobre este posto de traballo que obriga a retirar dous cometidos dos que inicialmente había na Relación de Postos de Traballo para este posto, e así se fai, retíranse eses dous; pero, casualmente, na mesma sentenza díse que a xestión do programa informático de vacacións non é cuestión deste posto, pero si o manexo. Pero, casualmente, na modificación que se nos trae, non aparece esta función, nin é valorada por suposto, se non aparece tampouco é valorada. Precisamente isto é o mesmo que o ano pasado se levou á Mesa de negociación e onde a parte de representación do persoal non lle deu o visto e praxe, foi o único caso dos tres que se levaron que non lle deu o visto e praxe precisamente porque non estaba correcto. Pero é que, ademais, hai algunha cuestión a maiores e é na valoración inicial que se fai deste posto, aquí hai unha valoración de especial dificultade que se valora en 30 puntos, casualmente, eu non sei se é unha cuestión persoal, espero que non porque xestionar un Concello con cuestións persoais, a verdade pode ser contraproducente, pero é que pasar de 30 puntos dunha valoración especial de dificultades a 3 polo feito de quitar dos puntos de todos os cometidos que ten o posto, a nós parécenos que é un intento de equilibrar: “xa que hai que subirlle no tema de perigosidade imos a baixarlle por outro sitio”. Dános iso, porque isto nin foi aprobado o ano pasado, pasaron dez meses desde decembro do ano pasado que houbo a Mesa de negociación, non se volveu a tocar o tema, tócase agora, efectivamente, porque Xulgado aprema e o informe que nos dá a señora Secretaria é concluínte, concluínte en canto que di que non esta ben feita a avaliación, á parte de outras consideracións, de se non se sabe quen firma a avaliación. Non houbo negociación, o obxectos de negociación non mudaron desde o ano pasado para aquí e que, isto, eu creo que hai que darlle unha volta. Nos apoiaríamos, en principio, a proposta que fai o PSOE de retirala da Orde do día deste punto para traela nun próximo Pleno en condicións de poder ser aprobada. Se é posible ben senón votaremos en contra.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Os documentos que, respecto do Partido Popular, que non falou nada do posto por certo, nin da modificación de RPT, eu supoño que estarán, Joaquín, no expediente por iso tes acceso a eles senón, evidentemente, non terías acceso a eles. O documento foise preparando, ás veces as cousas por desgraza non son instantáneas, non se poden facer instantáneas, o documento estaba listo desde que o Xulgado nos notifica a execución de sentenza. Por unhas cuestións ou outras non viu este Pleno, pero hoxe no pleno ordinario de outubro traémolo a este Pleno para a súa aprobación se así o considera a Corporación, ou non se así o considera tamén. Respecto ás valoracións, non entro no fondo, as valoracións son obxectivas por funcións, non vexo na valoración do posto que indique que non está incluído o manexo do programa informático, se hai que volver revisar o documento, haberá que volver revisalo máis en profundidade, pero insisto, non vexo que no documento de modificación de RPT non estea incluído o manexo. Supoño que cada grupo votará o que considere e penso que non se debería quitar o punto da Orde do día, pero evidentemente a Alcaldesa decidirá.

**Sr. Núñez Troncoso:** Non está no expediente, señor Alejandro, e a cuestión non é como o temos nós, a cuestión é por que non está no expediente? Por que con toda probabilidade non está no Rexistro de saída? Por que non incorporaron vostedes isto ao expediente? Esa é a cuestión. Non como o temos nós. Púidonolo dar á outra parte, ou non? O problema, a



cuestión e o debate é como temos nós a documentación ou por que vostedes non o incorporaron ao expediente? Por que vostedes entenden ou pretenden enganar o Xulgado? Por que? Por que lle dan unha información que non é correcta? Para alargar no tempo? Ata que lle veu o exhorto. Entón, cando lle veu o exhorto entón, traémolo ao Pleno, pero é que tiveron 10-11 meses para traer a Pleno, para traer a mesma proposta non facía falta moito traballo, agora igual nos din que é por problemas técnicos. Mire, este expediente en concreto, desde que a Alcaldesa firmou a providencia para elaborar os informes, no o mesmo día xa tiña os informes. Entón, puidérono traer en febreiro, en marzo ou abril, houbo o tempo de sobra, o que pasa é a desidia, é o que pasa, deixamos pasar o tempo... Así é como tratamos tan ben ao persoal, a política de Persoal que levan vostedes é perfectísima, pois temos outro claro exemplo de como tratan vostedes o persoal. Nós, se a señora Alcaldesa ten a ben retirar o punto, nós apoiaremos a retirada sempre e cando a proposta nova sexa acorde ao 100 % co que recolle a sentenza e se non o retira nós vamos votar en contra e que quede ben claro que votamos en contra porque a proposta que trae a Alcaldesa non recolle o 100 % tal e como di a sentenza e tal e como o avala o informe da señora Secretaria municipal.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Reincidimos, dado que parece ser que a nosa proposta é ben recibida tanto por BNG como polo PP, reincidimos na nosa idea de retirar o punto da orde o día e que volva axustado á sentenza.

**Sr. Guerra García:** No documento que figura pola consultaría que fixo este traballo de outubro do 25, na páxina 9 veñen as funcións deste posto e en ningún momento aparece o manexo dese programa, en ningún momento. Entón, indubidablemente, se non aparece aquí tampouco está valorado, que se corrixa esa situación. E logo, que se xustifique por que no apartado de especial dificultade técnica, por sacar dúas funcións, ou unha e media, por dicilo de algún xeito, se pasa de 30 puntos a 3, que se xustifique porque non é xustificable.

**Sra. Alcaldesa:** Antes de proceder á votación deste punto porque si se vai votar. O Xulgado pide respostas e nós vamos a darllas, despois haberá que volver a negociar o documento e así se fará, pero desde logo este punto se vai votar. A min gustaríame saber se os documentos que ensina o Sr. Joaquín non forman parte de ningún expediente nin están por Rexistro, como os ten ou como se subtraeron ou como apareceron. É moi curioso. Se é certo que non están no expediente, que nós non os teñamos e que curiosamente vostedes sen estar por Rexistro... pero *bueno*, tampouco sería a primeira vez. Enganar o Xulgado, tanto Alex como a alcaldesa, non nos consideramos tan intelixentes, Joaquín, non nos consideramos tan intelixentes nin ousados de facer semellante cousa, *pensa o ladrón que todos son da súa condición*. De verdade, vostede é libre, na súa quenda, de facer o que queira pero que de maneira sistemática, en todos os plenos, en vez de falar precisamente do posto, das funcións, se dedique a dicirlle o PP ou BNG o mala que é esta Alcaldesa e aínda por riba teña a ousadía de dicirlle a Selene e a Marcos: "rapaces onde vos metestes"... Non sei se é ousadía ou desesperación, non sei como cualificar, ou paternalismo. Xa lle digo, co seu tempo faga o que queira e siga mostrando esa desesperación. Seguidamente dou lectura á proposta de acordo para súa aprobación:

"Tramitado o expediente para a modificación das funcións do posto 1009 Conserxe



Notificador/a e a súa valoración na Relación de Postos de Traballo do Concello de Salceda de Caselas, formado polos seguintes antecedentes:

- Primeiro documento de modificación da RPT, presentada por J&L TUDÓ CONSULTING SL en data 03.12.2024 (Rex. Núm. 2024-E-RE-2876) para negociación sindical. O sinalado documento non está datado, non consta a identificación do autor ou autores nin sinatura.
- Proceso de negociación a través da Mesa xeral de Negociación conxunta de funcionarios e laborais do Concello, constando a acta núm. MXN/2024/4 de 9 de decembro, onde se negociaron as modificacións do posto de conserxe, entre outros.
- Documento de modificación da RPT para aprobación plenaria, remitido por J&L TUDÓ CONSULTING SL en outubro de 2025.
- Providencia de Alcaldía solicitando a emisión de informes con data de 22.10.2025.
- Informe desfavorable de Secretaría núm. 2025-0038 de 22 de outubro.
- Informe de Intervención núm.2025-0216 de 22 de outubro.

Visto que esta modificación da RPT se realiza en execución da sentenza xudicial 00700/2024 do 15 de outubro de 2024 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sala do contencioso administrativo, sección 1.

Realizada a tramitación legalmente establecida, de conformidade co artigo 22.2.i) da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, o Pleno da Corporación, por 4 votos a favor (4 de MS) e 9 en contra (6 do PP, 2 do PSdeG-PSOE e 1 do grupo mixto-BNG) rexeita a adopción do seguinte, acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar, de conformidade cos antecedentes expostos, o documento de modificación da Relación de Postos de Traballo deste Concello con relación ao posto 1009, Conserxe Notificador/a, redactado pola empresa J&L TUDÓ CONSULTING SL resultante da última sesión da Mesa de Negociación de data 09.12.2024.

**SEGUNDO.** Publicar a citada modificación da Relación de Postos de Traballo na sede electrónica do Concello e publicar o presente acordo e a estrutura de postos da RPT no Boletín Oficial da Provincia.

**TERCEIRO.** Remitir unha copia á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma no prazo de trinta días.”

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta resulta **REXEITADA** por **CATRO VOTOS** a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo municipal Movemento Salceda (4) e **NOVE VOTOS** en contra dos/as concelleiros/as do Grupos municipais PP (6), PSdeG-PSOE(2) e BNG (1).

<b>Expediente 2720/2025. Aprobación de convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, para a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento</b>



**Sra. González Luis:** Neste punto, vimos a tratar de aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, e o noso Concello para a prestación do servizo de teleasistencia. Este servizo, como ben saberedes, ten un obxectivo principal que é potenciar a autonomía persoal, con el búscase conseguir a permanencia o maior tempo posible das persoas maiores ou daquelas que teñan unha situación de especial fragilidade, soidade ou illamento, na súa vivenda ou na súa contorna familiar. Serve, tamén, ante aquelas situacións de crise ou de emerxencia dentro ou fóra do domicilio. Do mesmo xeito que busca potenciar a autonomía da persoa usuaria tamén axuda a potenciar esa autonomía da súa familia ou daquelas persoas coidadoras que normalmente dedican o tempo a estar pendentes por se precisase calquera cousa ante unha situación de emerxencia. Grazas a este dispositivo quedarían un pouquiño máis tranquilas sabendo que, ante unha situación de urxencia ou de necesidade, esa persoa maior ou dependente pode dar un aviso de xeito rápido e sinxelo. O 1 de decembro vai rematar a vixencia do convenio actualmente en vigor que ten a Deputación de Pontevedra con aqueles Concellos de menos de 20.000 habitantes para a presentación deste servizo de teleasistencia domiciliaria, aqueles Concellos que, como o noso, xa somos beneficiarios deste servizo, temos a garantía de poder continuar con el tras o acordo da aprobación en Pleno e a posterior solicitude. No caso de ser aprobada, as veciñas e veciños do noso Concello poderán seguir desfrutando deste servizo, ao igual que o poderán facer aquelas novas persoas que así o precisen, sendo, por exemplo, aquelas persoas maiores de 65 anos, persoas con discapacidade que non teñan dereito ou servizo a través do sistema para autonomía, atención e dependencia, ou calquera persoa que ante unha situación de vulnerabilidade poida precisar este servizo, iso si, sempre acreditado previamente polas traballadoras sociais municipais.

Neste convenio regúlanse os dereitos do Concello das persoas usuarias, mais tamén se deixan recollidas as obrigas, como, por exemplo, a tramitación das solicitudes de teleasistencia, o posterior seguimento das intervencións ou das incidencias, de ser o caso, ou o pagamento do Concello á empresa adjudicataria da parte que corresponda a este Concello. Este convenio terá unha vixencia de 4 anos e poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as partes por un período adicional máximo de 4 anos.

**Sra. Pérez Cabaleiro:** Nós, obviamente, estamos completamente a favor deste convenio de teleasistencia, xa estivemos antes e o estamos na actualidade, porque, sen ningunha dúbida, mellora a calidade de vida das persoas maiores, reforza a súa seguridade, sobre todo, a autonomía; permite que reciban a atención rápida e personalizada sen ter que abandonar o seu fogar, é dicir, unha medida que promove, neste caso, o benestar, a proximidade a e o envellecemento digno sobre todo en vilas coma a nosa. Neste caso, trátase de mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos. O que si pedimos é que, obviamente, se sigan mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio, dos compromisos asinados tanto polo Concello como pola Deputación de Pontevedra. O noso voto vai ser completamente favorable.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Entendemos que é un convenio que serve para potenciar a autonomía persoal, que ten moitos beneficiarios no noso Consello, que é a cuarta vez que se prorroga, basicamente con escasísimos cambios... Entendemos que, evidentemente, hai que apoialo.

**Sr. Guerra García:** Á parte do dito polas persoas que interviñeron sobre o caso, nós



lamentamos que un servizo coma este dentro do que son os Servizos Sociais, estea fraccionado por outra Administración. Aquí estamos nun país onde parece que en cada lugar hai un cacho de servizos. A min gustaríame saber, neste momento, cantas persoas están acollidas a este servizo no Concello e cal é o custe tanto para achega que fai a Deputación como a achega que fai a persoa usuaria.

**Sra. González Luis:** No propio convenio e na Ordenanza que aprobou a Deputación de Pontevedra o 30 de setembro de 2025, aclárase que 50 % do custe o asume a Deputación e o outro 50 % está na responsabilidade de asumilo o Concello e se o Concello ten unha ordenanza na que pode existir o copagamento ás persoas usuarias, como é o noso caso, ese copagamento sería entre as tres partes, 50 % Deputación, 50 % Concello e usuario. Esa ordenanza, que é unha ordenanza municipal, barema canto ten que pagar cada usuario dependendo tamén da súa renda. Agora mesmo as cifras non chas poden dar, teño que velo no informe de Servizos Sociais.

**Sra. Alcaldesa:** Pasamos pois á votación da proposta de aprobación do convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra a través do Servizo de Benestar Social para prestación dos servizos de teleasistencia domiciliaria, seguinte:

“Considerando que esta fórmula de prestación do servizo de teleasistencia, a través dun acordo marco a nivel provincial, garante tanto unha maior axilidade nos trámites administrativos, como unha xestión máis eficiente e eficaz do gasto público.

Visto o disposto nos informes de Secretaría núm. 2025-0037 e de Intervención núm. 20225-0217.

O Pleno adopta, por unanimidade de votos a favor, o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar o convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, para a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria que se axunta como anexo.

**SEGUNDO.** Aprobar, así mesmo, a adhesión á Ordenanza reguladora do servizo de teleasistencia domiciliaria da Deputación de Pontevedra, aprobada inicialmente por acordo adoptado polo Pleno da Corporación provincial, na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025 (BOPPO de 03.10.2025)

**TERCEIRO.** Remitir certificado deste acordo á Deputación Provincial de Pontevedra para a súa aceptación e firma.

**CUARTO.** Facultar á alcaldesa para a firma do Convenio e de cantos documentos sexan precisos para a consecución deste acordo.”

**VOTACIÓN: Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade de votos a favor, adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, para a prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria que se axunta como anexo.

**SEGUNDO.** Aprobar, así mesmo, a adhesión á Ordenanza reguladora do servizo de



teleasistencia domiciliaria da Deputación de Pontevedra, aprobada inicialmente por acordo adoptado polo Pleno da Corporación provincial, na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025 (BOPPO de 03.10.2025)

**TERCEIRO.** Remitir certificado deste acordo á Deputación Provincial de Pontevedra para a súa aceptación e firma.

**CUARTO.** Facultar á alcaldesa para a firma do Convenio e de cantos documentos sexan precisos para a consecución deste acordo.”

<b>Moción do grupo mixto-BNG relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de incrementar os recursos públicos para facer fronte á violencia machista</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

**Sr. Guerra García:** Presentamos esta proposición relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de incrementar os recursos públicos para facer fronte á violencia machista con esta exposición de motivos.

“Neste 2025 fixéronse 18 anos da *Lei galega contra a violencia machista* aprobada no 2007 despois dun intenso traballo de escoita social. Esta foi unha lei pioneira e vangardista a nivel europeo: contemplou a visión da violencia contra as mulleres en todas as súas dimensións e como consecuencia do patriarcado, ampliou o seu recoñecemento máis aló do ámbito da parella e deseñou medidas integrais de sensibilización, prevención, protección e apoio ás mulleres que a sofren.

Desde entón, grazas á presión da mobilización feminista e ao esforzo de distintos colectivos, tamén do nacionalismo galego, houbo distintas melloras e puxéronse en marcha recursos importantes. Porén, non é suficiente e o sistema de loita contra a violencia machista en Galiza sofre a desidia do Partido Popular no desenvolvemento do marco legal e os recortes aplicados nos servizos públicos durante as crises económicas.

Aspectos recollidos na lei como garantir a atención psicolóxica na Atención Primaria non son hoxe unha realidade nunha sanidade pública en crise; as axudas económicas son aínda menores ás aprobadas hai case dúas décadas e non recollen o medre da carestía da vida; non existe unha axuda periódica que inclúa as vítimas de violencia sexual; non se garante a formación especializada das e dos profesionais que traballan na cadea de atención á violencia machista; o ámbito xudicial segue arrastrando unha enorme revitimización; falta financiamento e persoal para os CIM e en ámbitos estratéxicos como o ensino público non hai un verdadeiro plan de educación afectivo-sexual, elimínase a materia de igualdade e o Partido Popular intenta impoñer mecanismos de control ideolóxico para restar espazo ás iniciativas feministas de profesorado e estudantado.

No verán de 2025 coñecemos un informe demoledor do Consello de Contas no que se avalían as políticas públicas da Xunta en materia de violencia de xénero no período 2018-2022. Entre outras cuestións, este Informe sinala que, malia a súa importancia, a

Xunta de Galiza só destina á prevención un 3 % dos recursos. Ademais, o informe sinala o recorte de persoal e a falta de construción dun sistema público e directo de atención ás vítimas, de maneira que o goberno galego foi descasando funcións que lle son propias nos concellos, sobrecargándoos, ou privatizando servizos. Así, no período 2018-2022 os centros de acollida para vítimas de violencia son entidades municipais ou propiedade de entidades privadas; tan só o Centro de Emerxencias para Vítimas de Violencia de Xénero (CEMVI) é un centro propio. Da mesma maneira, tal e como denunciaron colectivos feministas, profesionais e o BNG, no 2024 a Xunta privatizaba os centros de crise 24 horas para a atención da violencia sexual. Máis de nove meses despois da súa posta en marcha, a Xunta do PP segue ocultando a súa información.

A privatización, precarización ou carencia de servizos públicos son un obstáculo na loita contra a violencia machista. É por iso que é fundamental tanto acrecentar os recursos económicos para este ámbito como reforzar os servizos públicos. Algo tan sensible como a atención á violencia sexual non pode depender de empresas multiservizo vinculadas ao Partido Popular como Eulen ou OHL e os graves incidentes coas pulseiras de control telemático no Estado tamén son unha alerta sobre as carencias de recursos que están en mans privadas.

Neste 2025 fanse tamén 30 anos da Declaración de Beijing. Hai que recordar que se recoñecía internacionalmente algo hoxe cuestionado abertamente, que a violencia de xénero é un obstáculo para o logro de obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz e que menoscaba ou impide o gozo pola muller dos seus dereitos humanos e das liberdades fundamentais. Daquela equiparábase, por primeira vez, a violencia contra as mulleres como violencia de xénero, entendendo esta como unha construción cultural susceptible de ser modificada no tempo a través dos procesos de socialización.

Nun contexto de avance e normalización das posicións negacionistas, que coincide coa defensa ultraliberal do baleirado dos servizos públicos, urxe unha resposta que aposte por máis feminismo, máis recursos e máis servizos públicos. Temos que denunciar de forma clara e directa que cuestionar o a violencia machista é violencia machista e que privatizar e desmantelar os servizos públicos resta capacidade na loita pola igualdade e contra a violencia machista.

No 2024 foron asasinadas, segundo as estatísticas oficiais, cinco mulleres en Galiza. Hoxe hai máis de 6.000 casos activos en Viogén e no que vai de 2025 houbo varios feminicidios e intentos de feminicidio en Galiza. A violencia machista é unha realidade incuestionable, constitúe un problema de dereitos humanos e é o principal problema da vida das mulleres e, polo tanto, as institucións deben reaccionar reforzando recursos e servizos públicos.

Por estes motivos, a corporación municipal do Concello de Salceda de Caselas denuncia que o negacionismo da violencia machista é unha forma de violencia machista e reafirma o seu compromiso co reforzo dos servizos públicos e o aumento dos recursos do sistema de protección e atención ás vítimas e, así mesmo, anima a veciñanza da localidade a secundar as mobilizacións do movemento feminista galego.



Por todo o exposto, o Grupo municipal do BNG somete a debate esta moción e solicita á corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas:

- 1) Atender as recomendacións e deficiencias sinaladas polo Consello de Contas no seu Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma no período comprendido entre 2018 e 2022 e, singularmente, pautar o incremento de persoal, o incremento do orzamento destinado a prevención e sensibilización, a planificación dos procesos de contratación e subvencións con publicidade e concorrência e a aprobación dun plan estratéxico específico para a loita contra a violencia machista.
- 2) Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM, facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados; impulsar a fixación de rateos mínimas de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.
- 3) Reinternalizar no sistema público os centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e blindar a prestación deste servizo con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial así como aprobar, para a súa posta en marcha no ano 2026, unha axuda periódica específica para vítimas de violencia sexual.”

**Sra. Pérez Cabaleiro:** Dáme mágoa que, novamente, o tanto 8M como 25N sexa un motivo de confrontación partidista, porque a túa moción é completamente partidista, Tano, en vez de ser unha xornada de unidade e compromiso real por parte de todas as administracións e todas as persoas. Máis alá das siglas, o importante é reforzar, neste caso, as políticas efectivas de prevención, de protección e de igualdade para erradicar así a violencia machista. Creo que hai un claro exemplo en diferenzas entre a túa, neste caso, moción, a que presenta o Bloque Nacionalista Galego, e a que presentamos nós. A nosa exposición de motivos como se pode comprobar non é nada partidista, fala da situación real que estamos vivindo e coméntase, que ti só fas un breve comentario, sobre o problema que supuxo as pulseiras antimaltrato, que supuxeron unha desprotección intolerable para as vítimas, unha frase e todo o demais é en contra do PP. Nós como se pode observar na nosa moción, instamos ao PP, danos igual quen goberna a Xunta de Galicia, instamos ao Goberno central e instamos tamén á Administración local, porque todas as administracións deben ser implicadas en erradicar e facer, levar a cabo, medidas que loiten contra a igualdade e que loiten tamén contra a violencia de xénero. Nós, obviamente, estamos a favor do que instas á Xunta de Galicia, como digo, danos igual que partido governe, estamos completamente a favor dos tres puntos, pero non estamos a favor do que é a exposición de motivos, polo que digo, para nós, o 25N non debe ser un día de confrontación partidista, todo o contrario, esa non é a forma de erradicar esta lacra. Entón, nós vamos a abstermos neste punto, porque si estamos



a favor, como digo, das instancias que lle fas á Administración, neste caso, autonómica, pero non estamos de acordo coa exposición de motivos que fas, porque, ademais, hai medidas que solicitas que xa están postas en marcha, como son axudas e subvencións para vítimas de violencia de xénero, hai axudas e subvencións para emprego e contratación destinadas ao fomento de contratación, neste caso, de mulleres vítimas de violencia de xénero (Orde 23 de decembro de 2024 con convocatoria para 2025); neste caso, destácanse avances e redución relativa de algunhas taxas en canto a políticas de oposición de maior execución e fondos e medidas, e, é por isto que, como dicía, estamos a favor das instancias pero non da exposición de motivos. Por iso o voto do Grupo Popular vai ser a abstención.

**Sra. González Luis:** Nós estamos completamente a favor desta moción, evidentemente, concordo con toda ela, pero especialmente naquela concordamos, o equipo de goberno, que a violencia machista é unha realidade incuestionable, pese a que moitos a día de hoxe a seguen cuestionándoa e que constitúe un problema de dereitos humanos e que é o principal problema da vida das mulleres, aquí, eu creo que me atrevería a dicir a que, en calquera lugar do mundo. Coincidimos tamén en que a Xunta de Galicia vai delegando aquelas funcións, en moitos casos, nos concellos, e que chega a sobrecargar os concellos, exemplo disto foi o terceiro parágrafo desta moción, que di que a atención psicolóxica na atención primaria non é suficiente, non chega a atender, non chega a previr, nin chega a atender os casos que se necesitan, e acaba sobrecargando nos concellos. Temos o claro exemplo aquí en Salceda de Caselas co programa APAXAR que atende a certas persoas da nosa vila e que o tema da violencia de xénero pode chegar a ser un tema candente. Tamén temos o claro exemplo, neste mesmo parágrafo, que di “en ámbitos estratéxicos como o ensino público non hai un verdadeiro Plan de educación afectivo-sexual”, quedou recollido no Plan municipal de igualdade efectiva entre homes e mulleres, quedou recollido nas palabras dos rapaces e das rapazas cando se fixo aquela mesa de debate non IES Pedras Rubias, queda recollido nas palabras dos directores, orientadores e demais persoal técnico e formado nas mesas de saúde... Todos alegan o mesmo: desde a Educación pública é o xeito para chegar aos rapaces, para educar na prevención, para educar en afectividade, en sexualidade correctamente e adaptadas ás idades, e desde a Consellería de Ensino e de Igualdade os medios non son suficientes. Neste caso, o exemplo de Salceda de Caselas, de educación primaria o ano pasado, cuarto, quinto e sexto de primaria que se fixeron tres sesións por clase co proxecto Ultravioleta, subvencionados co Fondo do Pacto de Estado do Ministerio, e outras formacións que se fixeron con distintas entidades do terceiro sector no IES Pedras Rubias. Eu creo que tanto a atención psicolóxica desde a atención primaria como a educación afectivo-sexual nos ámbitos do ensino público deberían ser fundamentais e eu creo que non deberían descargarse en moitas ocasións, como se fan, sobre os Concellos. O noso voto vai ser a favor e estamos completamente de acordo co que aquí se recolle.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Analizando a moción, estamos de acordo no tema dunha maior atención psicolóxica, dunha maior atención aos problemas da violencia machista, dunha maior implicación na educación sexual e afectividade no ensino, e por suposto, no que se solicita, polo tanto, noso voto vai ser a favor da moción presentada polo grupo do BNG.

**Sr. Guerra García:** Indubidablemente é unha proposta partidaria, vén do BNG, non vamos negar cando sexa para debater a vosa que é unha proposta partidaria. A cuestión é onde

cada partido quere por as cruxas e os puntos sobre os is, nós puntos nos que se insta á Xunta de Galiza a adoptar medidas non falamos das axudas económicas, criticamos que as axudas económicas hoxe son menores que as aprobadas no 2007 e sen ter en conta o custe da vida desde aquela, e que neste momento non se están atendendo as vítimas de violencia sexual. Por que a crítica ao Partido Popular? Primeiro, porque o Partido Popular é quen goberna a Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia ten enormes competencias na materia, non só directamente na materia, senón na Sanidade, no Ensino, cuestións intimamente relacionadas co problema da violencia de xénero, e a última, isto é do ano pasado, a última disposición que veu do Goberno do Estado sobre os centros 24 horas é que ao Partido Popular faltoulle tempo para privatizalos antes de que saíran publicados no Boletín oficial. Nós non acabamos de entender, ou si entendemos, pero en absoluto podemos compartir que cuestións deste ámbito poidan acabar para o Partido Popular sendo unha posibilidade de negocio para alguén. E os centros 24 horas están privatizados, quere dicir que alguén está facendo negocio con eles, porque as empresas que van aos servizos públicos non van para perder cartos, nin lles interesa para nada, a maioría delas, realmente o fondo dos servizos públicos, van a gañar cartos como parte do seu negocio. Entón nós temos que criticar o Partido Popular aí. E logo, en materia de Educación, facemos unha referencia ben clara do que é o Partido Popular. Elimínouse a materia de igualdade no ensino. No ensino público hai algún plan de educación afectivo-sexual serio? Non o hai. A última deste curso, a pretensión de mecanismos de control ideolóxico nos centros de ensino que, *bueno*, o Partido Popular di que non, pero no fondo xa sabemos todos o que significa: “a ver aquí de que se fala, e a ver aquí que se conta”. Non imos criticar o Partido Popular? Indubidablemente. Cadaquén terá a súa visión das cousas, agora, na medida en que o Partido Popular está xestionando a Xunta de Galicia é quen ten determinadas responsabilidades para nós moi serias a respecto das formas, do fondo e dos mecanismos que temos para enfrontar o tema da violencia de xénero e temos que poñelos no papel.

**Sra. Pérez Cabaleiro:** Sabemos de sobra quen goberna a Xunta de Galicia, se a pregunta era esa, con maioría absolutísima e por quinta lexislatura consecutiva ao voso pesar, pese a que teñades a mesma candidata intentando gañarlle aos nosos candidatos. Non pasa nada. Sabemos de sobra. Se a preguntara esa. Como dicía, é unha mágoa que isto se converta nun debate partidista en vez de afondar no debate real que nos compete que é a loita contra a violencia de xénero. Nós somos conscientes de que hai moitos erros por parte da Administración autonómica da Xunta de Galicia e dáme igual que a governe un goberno do Partido Popular. Como miras, na nosa moción nós instamos á Xunta de Galicia a facer moitas melloras, pero paréceme irreal que en ningún momento menciones o Goberno de España, que é do Partido Socialista, co voso voto a favor, e que o único que haxa nesta moción é unha mínima frase sobre as pulseiras e o defecto das pulseiras de antimaltrato que supuxeron a desprotección intolerable para as vítimas. Creo que non só a Xunta de Galicia é a que ten que facer melloras en materia de Igualdade e violencia de xénero porque cada día hai que mellorar, cada día hai que avanzar para conseguir erradicala, ten que facer melloras a Administración local e ten que facer melloras a Administración estatal neste caso. Como dicía nós estamos a favor destas instancias porque consideramos que a Xunta de Galicia ten que mellorar e ten que adoptar medidas, como ti comentas, pero obviamente votamos en falta que non instes a outras administracións locais gobernadas por outros partidos que non sexa Partido Popular.



**Sra. Alcaldesa:** Pasamos pois á votación da moción do Grupo Mixto BNG relativa á reivindicación do 25N e á necesidade de incrementar os recursos públicos para facer fronte á violencia machista.

**VOTACIÓN:** Sometida a votación moción, esta resulta aprobada por sete votos a favor dos/as concelleiros/as do Grupo municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE (2) e Grupo Mixto-BNG(1) e seis abstención dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6), adoptando o seguinte:

**ACORDO:**

1. Instar á Xunta de Galicia a adoptar as seguintes medidas

- 1) Atender as recomendacións e deficiencias sinaladas polo Consello de Contas no seu Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma no período comprendido entre 2018 e 2022 e, singularmente, pautar o incremento de persoal, o incremento do orzamento destinado á prevención e sensibilización, a planificación dos procesos de contratación e subvencións con publicidade e concorrencia e a aprobación dun plan estratéxico específico para a loita contra a violencia machista.
- 2) Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimas de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.
- 3) Reinternalizar no sistema público os centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas de violencia sexual e blindar a prestación deste servizo con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial así como aprobar, para a súa posta en marcha no ano 2026, unha axuda periódica específica para vítimas de violencia sexual.

**Expediente 2746/2025. Aprobación de proxecto de obra do Consorcio de Augas do Louro “Proxecto construtivo para a execución de actuacións tipo B e C do PERTE do Louro (actuacións A018 A 062)” URXENCIA.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Sra. Alcaldesa:** Nesta parte resolutiva gustaríame, como xa anuncie, votar ou presentar un punto máis. Trátase da aprobación do proxecto de obra do Consorcio de Augas do Louro, denominase “Proxecto construtivo para a execución das actuacións tipo B e tipo C do PERTE do Louro”. O motivo da urxencia e a aprobación, por parte de cada concello, para a inmediata posta en marcha dos traballos, faise necesaria, aprobouse no Consorcio do Louro e temos a obriga de pasalo por cada un dos plenos ou a través de decreto, como fixo O



Porriño, a aprobación deste proxecto. Este proxecto de moito diñeiro, máis de 3.000.000 €, ten moi curto prazo de execución, seis meses, é preciso ademais, como vos dicía antes, contar coa aprobación do comité do Consorcio do Louro, que xa foi aprobado e de cada un dos catro concellos: Mos, O Porriño, Salceda e Tui. O proxecto foi remitido o 23 de outubro, hai escasos catro días hábiles, en tempo real, para que os técnicos puidesen elaborar os informes e esta alcaldesa volo presentara na comisión que se celebrou o luns. Se ben é certo que nesa comisión xa vos falei de traer este proxecto a Pleno e o día seguinte, o martes, xa estaban elaborados os informes e postos á vosa disposición no expediente plenario para que os puidésedes consultar. Quixemos traelo a este Pleno para apurar eses prazos. Non estamos en disposición de perder nin un só euro desa subvención concedida, e este é o Pleno ordinario, necesitamos aprobalo canto antes, se esperamos ao extraordinario, ademais, levaría consigo un gasto e, como xa vós informei na Comisión, tiña intención de traelo a este Pleno pola vía da urxencia. Outros Concellos optaron por facelo por decreto, pero nós críamos que o axeitado era traelo a esta sesión plenaria para súa aprobación. Este é o motivo da urxencia e vou someter a urxencia a votación.

**Sometida a votación a urxencia do punto de conformidade co sinalado no art. 79 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Pleno por UNANIMIDADE de votos a favor acorda aprobar a urxencia do punto.**

**Sra. Alcaldesa:** A aprobación deste proxecto está dentro dun PERTE, un PERTE é un proxecto estratéxico que mellora substancialmente a economía dunha contorna, está dentro dos enmarcados no Ministerio, dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, os famosos NextGeneration, que seguro que vos soan, son fondos europeos distribuídos polo Ministerio, nesta ocasión a solicitude, esta é a segunda vez que se intenta desde o Consorcio do Louro, pois obtivo a mellor puntuación de Galicia, foi o proxecto mellor valorado cun importe total de subvención de 4.700.000 € para inversión nos 4 Concellos. Este proxecto, na súa totalidade, ten 3 bloques e hoxe traemos un deles para a súa aprobación, esta parte está valorada en 3.574.817,99 €, o orzamento de execución material é de 2.482.684,90 €, dos cales 500.567,69 €, un pouquiño máis de medio millón de euros, corresponden a Salceda. Este contrato vai servir para a dixitalización do ciclo da auga, son ferramentas tecnolóxicas que, entre outras cousas, nos van permitir dar resposta ás incidencias moito máis rápido, avisar de fugas, reducir perdas, reducir consumos eléctricos, mellorar a eficiencia e a sustentabilidade, moitas melloras que se van realizar co investimento destes fondos. Un importantísimo investimento para os 4 concellos, sobre todo nós pensando en Salceda, medio millón para modernizar o noso abastecemento e o noso saneamento, que se suma a esa outra parte do PERTE de 226.000 €, que tamén lle foi concedida a Salceda para a redacción de proxectos de saneamento.

**Sr. Rodríguez Davila:** Se un escoita atentamente o que acaba de dicir a señora Alcaldesa dá sensación de que está encantada de formar parte do Consorcio do Louro, que é todo fantástico, que grazas á súa *aportación* e á súa presenza isto vai vendo en popa, que trae inversións para Salceda, etcétera, e todo ese *autobombo* que a esquerda populista é sempre unha auténtica experta. Pero, señora Dolores Castiñeira, unha vez máis a incoherencia e a súa falta de escrúpulos, politicamente falando, a retratan, verdade? Se non chega a ser polo Partido Popular, neste Pleno, e o Partido Socialista, naquel entón, do que vostede era socia



de goberno, os estatutos que rexen o Consorcio do Louro non estarían aprobados, porque vostede, unha vez máis, e o seu Grupo daquel entón, unha mostra de deslealdade, non só cos socios de goberno, que unha vez máis publicamente o fixo, pero logo tragaron os señores do Partido Socialista, unha vez máis vostedes critican unha cousa e logo votan e fan o contrario, hoxe mesmo así o fixeron, unha cousa na Comisión e outra diferente no Pleno. Pero non pasa nada, é o Partido Socialista na súa máxima expresión e así actuaron nos últimos 17 anos no Concello de Salceda, a pesar de que en moitas ocasións deostaban, politicamente sempre falando, a Movemento Salceda, os seus representantes, os seus conselleiros, o exalcalde, a alcaldesa actual por todo o que lles fixo, lles fixeron a vostedes e aos seus compañeiros anteriores que representaban o Partido Socialista pero, non obstante, logo apoian a Movemento Salceda. Digo isto porque, sendo certo o que se trae a Pleno respecto da inversión que vén para o Consorcio do Louro dos fondos europeos, hai que recordar o pasado recente que, como digo, os estatutos dese Consorcio non estarían aprobados e en vigor se no Pleno da Corporación de Salceda de Caselas, porque así tiña que ser polas catro corporacións que formamos parte do Consorcio, non os aprobasen, e Movemento Salceda non os apoiou. Con isto manifesto, en nome deste grupo maioritario de Corporación, que vamos votar a favor de que, igual que estou seguro que farán o resto da Corporación dos tres concellos restantes, poidan chegar ao noso Consorcio estes Fondos. Pena, Sr. Alcaldesa, que tamén non traia por urxencia moitas cousas e non o aprobe por decreto e si agora si é pertinente para esta cuestión, que nos alegamos que así o fixese, polo tanto aplíquese o conto de todo aquilo que pode haber a pleno antes de aprobar por decreto o faga e non se escuse, moitas veces, nos técnicos ou nos tempos. Que é raro, hoxe non dixo nada dos tempos, criticando outras administracións, cando realmente os tempos son os que son, igual que outras administracións públicas de outras índoles, con representantes políticos doutros partidos políticos no poder. Dito isto e para rematar, o noso voto vai ser a favor de que veñan eses fondos europeos de inversión para o Consorcio e do Louro que nos vamos a beneficiar os catro Concellos e, loxicamente, os veciños de Salceda de Caselas.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Entendemos que é positivo, polo tanto, imos votar a favor desta proposta.

**Sr. Guerra García:** Tal vez conveña lembrar que estes fondos que veñen de Europa, ao final ímolos pagar todos. Por iso que, cando os fondos se xestionan para mellorar a vida directamente da xente, hai que estar contentos, hai que aplaudir. Porque levamos uns tres anos escoitando como se reparten cartos para arriba e para baixo a grandes empresas que teñen grandes beneficios, como se fan préstamos con eses cartos, todo iso é ímolo pagar todos nós. Por iso, cando chega unha cantidade de cartos como esta, que aténdonos ao proxecto, pretende favorecer o estado de protección do dominio público hidráulico, mellorar a eficiencia dos servizos reducindo o alivio do sistema de saneamento, optimizando o consumo enerxético, optimizar a xestión do ciclo integral da auga...; indubidablemente estou pensando que son cartos para unha mellora directa da calidade de vida da xente, dos nosos veciños e veciñas. Entón, hai que alegrarse de que, de cando un vez, efectivamente, veñan cartos para o espazo público, onde a cidadanía, que é a que vai pagar todos eses cartos, vexa unha afección directa na súa calidade de vida con relación a estes cartos que tan xenerosamente se están dando. De aí que non esquezamos, eu creo que xo dixen neste salón de plenos nalgún momento, non esquezamos de que eses cartos que se están repartindo, eses miles de millóns, ímolos pagar todos, non sae gratis. En todo caso, en cuestións como



estas é onde hai que agradecer que a cidadanía se dea de conta de que cartos públicos para directamente favorecer a súa calidade de vida, mellorar a súa calidade de vida, hai que aplaudir proxectos coma este.

**Sra. Alcaldesa:** Antes de proceder á votación, a min paréceme unha pena que non te alegres de que por unha banda máis de 500.000 euros veñan para Salceda e ademais dos 226.000 euros para a redacción de proxectos de saneamento. Seguramente, debe ser porque son eu e non che caio en grazza, non tes a mesma percepción de que Nidia, Alejandro ou Enrique en Tui non xestionaron o suficiente para merecer estes fondos. Non sei moi ben que ten que ver a aprobación dos estatutos co reparto dunha subvención ex professo solicitada para o PERTE de fondos europeos. Vostede de mestura churras con merinas. Eu, desde logo, estou moi contenta polo traballo do equipo técnico do Consorcio do Louro, que agora si por fin conseguiu este súper proxecto que, como dicía ao principio, de máis de 4,7 millóns de euros para os catro concellos, supón unha cantidade moi elevada para mellorar a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas.

Dou lectura á proposta de acordo seguinte:

“Visto o proxecto de obra remitido en data 23.10.2025 (Registro núm. 2025-E-RC-5952) polo Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro denominado “Proxecto construtivo para a execución de actuacións tipo B e C do PERTE do Louro (actuacións A018 A 062)” redactado por Rebeca Ferreiro, enxeñeira de Camiños, Canais e Portos asinado o 21.10.2025, para os Concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui, cun orzamento base de licitación de 2.954.395,03 € (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 620.42,96 € e o presuposto sen IVE a 2.954.395,03 €.

Visto o informe técnico núm. 2025-0262 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística e o informe de supervisión do proxecto emitido en data 27.10.2025 por Rufino Rodríguez Cañas, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, xerente do Consorcio de Augas do Louro, asistido tecnicamente por Rafael Alonso Lago, enxeñeiro do Consorcio de Augas do Louro, que informan favorablemente o proxecto.

Visto o informe de Secretaría núm. 2025-0039 sobre a lexislación aplicable e o procedemento para seguir.

Visto que se cumpren os requisitos que son esixidos pola Lei e polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 o) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, con relación á Disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o Pleno adopta o seguinte

## **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obra remitido en data 23.10.2025 (Registro núm. 2025-E-RC-5952) polo Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro denominado



“Proxecto construtivo para a execución de actuacións tipo B e C do PERTE do Louro (actuacións A018 A 062)” redactado por Rebeca Ferreiro, enxeñeira de Camiños, Canais e Portos asinado o 21.10.2025, para os concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui, cun orzamento base de licitación de 2.954.395,03 € (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 620.42,96 € e o presuposto sen IVE a 2.954.395,03 €.

**SEGUNDO.** Que se leve a cabo a reformulación do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

**VOTACIÓN: Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade de votos a favor, adopta o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto de obra remitido en data 23.10.2025 (Rexistro núm. 2025-ER-5952) polo Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro denominado “Proxecto construtivo para a execución de actuacións tipo B e C do PERTE do Louro (actuacións A018 A 062)” redactado por Rebeca Ferreiro, enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, asinado o 21.10.2025, para os concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Tui, cun orzamento base de licitación de 2.954.395,03 € (IVE do 21 % incluído), ascendendo o IVE a 620.42,96 € e o presuposto sen IVE a 2.954.395,03 €.

**SEGUNDO.** Que se leve a cabo a reformulación do proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

<b>Moción urxente conxunta dos grupos municipais sobre o servizo de Correos.</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento</b>

**Sra. Alcaldesa:** Temos outro punto, que non entrou na parte resolutiva por chegar fóra de prazo, que nos gustaría debater, é a moción de CIG Correos que presentou Suso Represas, nós recollemos, os partidos políticos que formamos a corporación, Movemento Salceda, Partido Popular, PSOE e BNG, fixemos nosas, houbo acordo, houbo unanimidade, e como hai representación neste salón de plenos, gustaríame que fósedes vós quen lerades a moción e quen, ademais, a defendese, despois pasaríalle a quenda de palabra a cada un dos portavoces da corporación.

**Sometida a votación a urxencia da moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE de votos a favor.**

**Representante dos/as traballadores/as:** *De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e no Regulamento orgánico municipal do Concello de Salceda de Caselas os grupos municipais de Movemento Salceda, PSdeG-PSOE, Partido Popular e Grupo mixto- BNG, desexan someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN*



## Exposición de motivos

O Grupo Correos, Sociedade estatal de Correos e Telégrafos, na súa denominación completa, é unha sociedade mercantil estatal cuxo cometido principal é, como é sabido, fornecer o servizo postal universal en todo o Estado. O grupo é, na actualidade, a principal empresa pública estatal tanto en dimensión da súa rede como en número de persoas empregadas, a pesar do baixón persoal que se ten dado nos últimos 15 anos.

Correos é unha das poucas empresas públicas que sobreviviron a vaga privatizadora iniciada nos anos oitenta. Máis recentemente no tempo, as sucesivas reestruturacións do grupo ou a adaptación da lexislación estatal a unha directiva europea parecen ir anunciando o camiño cara á denominada “liberalización”, é dicir, privatización, do servizo postal, o mesmo que noutros servizos públicos. Se ben é certo que os acontecementos ocorridos nos últimos anos (pandemia, perda de control de empresas esenciais para o estado como Movistar) puido facer repensar ás decisións.

O certo é que, a día de hoxe, o Estado non ten unha ruta clara do que quere facer con Correos e como abordar unha situación que supuxo cambios no mundo das comunicacións. Mentres países da nosa contorna, como Francia, avogaron por atender debidamente o campo da paquetería, o estado español destinou esforzos a crear unha empresa paralela a matriz Correos, creando Correos Exprés, infrinxindo numerosos incumprimentos en materia laboral, para que esta filial desenvolva o traballo de paquetería, mentres a matriz está sen carga de traballo. Por outra parte mentres o correos francés dispón dunha entidade bancaria propia e unha entidade aseguradora propia, que lle supuxo reverter a caída de ingresos do sector postal tradicional, aquí o 23 % da poboación no estado ten dificultades hoxe para acceder a un servizo bancario e, porén, a Administración estatal négase a recuperar caixa postal, e mentres os empregados públicos fan traballo para empresas privadas como AXA, Banco Santander, entre outras e antes para o Deutsche Bank.

A Unidade do Porriño abrangue os termos municipais do Porriño, Salceda de Caselas e unha pequena parte de Mos, conta tamén cunha rede composta polas distintas oficinas de atendimento ao público, unha en cada un dos tres concellos, abertas de luns a venres, en Salceda e Mos en horario de mañá e todo o día no Porriño. A día de hoxe consta de 17 prazas para atender o reparto, despois de que recentemente se suprimisen catro prazas, tres de mañá e unha de tarde. Pero non conformes con recortar catro prazas, seguen sen cubrir as ausencias derivadas de baixas, vacacións ou permisos. O que representa que persoal efectivo en moitas datas fosen 14 persoas. Tal é así que durante o verán as tres seccións de reparto a pé, no centro urbano do Porriño, estiveron sen cubrir. Feito que segue a acontecer nesta data en dúas das seccións.

Todo este modo de actuar leva consigo que o servizo non saia ao día, como se reflexa nas estatísticas da Unidade: paquetes que chegan con retraso, citas médicas despois da data de citación, citas xudiciais despois do día, ou notificacións administrativas fóra de prazos.

Este feito acredita que a situación da Unidade non é a axeitada para desenvolver o traballo dentro dos índices de calidade que a Correos se lle esixen e para cumprir cos parámetros de legalidade.

Durante o verán, a sección sindical da CIG en Correos denunciou publicamente que este servizo non conta con persoal suficiente para atender a cidadanía usuaria, xa que non se están a cubrir postos vacantes por baixas, vacacións ou outras ausencias xustificadas. Esa falla de persoal provoca unha situación de gran sobrecarga de traballo, incrementando a presión sobre as persoas en activo. Na actualidade as compañeiras e compañeiros da Unidade de reparto do Porriño, manteñen accións de protesta ante a persistencia de Correos con non cubrir as prazas con ausencias.

Débese ter en conta, ademais, que esta unidade abrangue unha zona en constante crecemento, cunha poboación que na actualidade pasa dos 30.000 habitantes. Ademais conta cunha extensión que se achega os 100 km<sup>2</sup>, factores que hai que considerar, pois, á hora de cuantificar a carga de traballo, non só inflúe o número de envíos, senón que está tremendamente condicionada pola extensión. Outro aspecto pata ter en consideración é a presenza de catro polígonos industriais no seu ámbito, que presentan unha expansión considerable e contribuirán a incrementar o volume de traballo do servizo de Correos.

En canto ao servizo, a cartería desta zona carece de unidade de Urxentes, de modo que todo tipo de envíos pasa polo mesmo persoal, cada vez máis escaso. Tampouco conta con roteiros/as (persoas encargadas de programar repartos e entregar o correo nun punto de encontro/depósito para que o reciban/recollan as persoas que reparten), que poidan axilizar e facilitar os repartos, a través de entrega ou caixas de correos de alcance.

Neste contexto, é un erro por parte da empresa aplicar un criterio baseado exclusivamente na perda de volume de envíos para a establecer o cadro de persoal necesario, xa que os datos que anteceden son contrastables e acreditan factores que inflúen de maneira manifesta a hora de desenvolver o traballo.

Por outra parte, a empresa está a introducir, de xeito forzado, novos servizos no rural con criterios exclusivamente comerciais, que engaden maior presión e carga de traballo a un persoal xa saturado.

A situación descrita redonda nun peor servizo público postal para o conxunto da veciñanza dos concellos do Porriño e Salceda, ademais de nunhas peores condicións laborais para as traballadoras e os traballadores. Un deterioro na calidade do servizo, que antes que en Correos xa vimos noutras empresas, organismos e servizos públicos logo privatizados. Ao final, como sempre, ademais do persoal é a cidadanía usuaria a prexudicada.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes Acordos:

- 1.- Trasladar ás traballadoras e traballadores das unidades de Correos do Porriño o apoio do Concello de Salceda ás súas demandas laborais, no sentido de dotala do persoal, recursos materiais e medios técnicos necesarios para a prestación dos servizos postais en condicións da mellor calidade.



## 2.- Demandar da dirección da Sociedade estatal Correos e Telégrafos:

- A dotación de todos os recursos necesarios, humanos, cubrindo en todo momento as ausencias e materiais, en orde a garantir a prestación dun servizo postal universal público e de calidade en toda a Unidade do concello de Salceda de Caselas, para poder realizar o reparto os cinco días da semana, garantindo a contratación do persoal suficiente.
- A dotación de máis persoal na oficina de atención público de Salceda para que a cidadanía non teña que estar a sufrir esperas e a ampliación do horario para prestar atención en quenda de tarde.

## 3.- Manifestar a firme aposta por que Correos siga a operar como servizo postal universal de carácter público fronte a calquera tentativa privatizadora, presente ou futura.

E neste sentido, simplemente engadir finalmente que supoñemos que se durante a pandemia o Estado nos declarou empresa esencial que a día de hoxe debemos seguir sendo esenciais.

**Sra. Alcaldesa:** Eu escoitaba a Suso atentamente e me quedo coas cifras, 14 persoas para 100 km, unha poboación de 30.000 habitantes, sae por cada un dos carteiros e carteiras a 2.000 persoas, tendo en conta, ademais, que nos tres concellos nos que dades servizo, O Porriño, Salceda e Mos, contamos con polígonos industriais, ou sexa, é tremenda a situación de Correos que, ademais, vivimos o seu deterioro de maneira progresiva ano tras ano e no Concello de Salceda máis directamente e no rural aínda máis. Lembro un ano que houbo unha convocatoria de emprego no Concello e que as notificacións non chegaban a tempo porque coincidiu nunha etapa de verán e non chegaban a tempo porque non había persoal e non se cubrirán as baixas. Ese é un só exemplo do que acontece cando se precariza un servizo.

**Sr. Rodríguez Davila:** Efectivamente, señora Alcaldesa, efectivamente, aplíquese o conto. Simplemente, tal e como quedou de manifesto, a nosa adhesión a esta moción, facer nosas esas verbas que acaba de manifestar o representante sindical de Correos e que as reivindicacións que hoxe aquí vamos aprobar unanimemente sexan atendidas e que ese servizo, como se ten dito, tan esencial historicamente vinculado a Galicia e a España perdure no tempo e que, dunha maneira ou doutra, internamente, se buscan mellores mecanismos de xestión para que, por un lado, sexa sostible no tempo e non entre loxicamente en números vermellos como está e que se retome a través duns acordos, o diálogo, as propostas duns e doutros, as mellores solucións para, como digo, unha viabilidade duradeira no tempo e que, por suposto, iso todo signifique máis e mellores servizos á cidadanía, que é para o que está un servizo como Correos a nivel do Estado. Para rematar, agradecer ás persoas que a diario sacrifican, loxicamente, por unha retribución, pero tamén moitas veces non tan recoñecida, o labor que fan polos barrios, polas parroquias e polos nosos concellos, o reparto desas notificacións, desas cartas, que é certo que non son tantas como aqueles tempos onde non había as novas tecnoloxías pero mudaron cara á outros servizos que hai agora mesmo e, como digo, ese agradecemento a todas as persoas, a todas as mulleres e homes que traballan nesta empresa e que en definitiva siga para adiante o servizo de



Correos. O noso apoio a esta moción, a estas reivindicacións que, no día de hoxe, se traen a este Pleno municipal.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** O noso apoio, igual que os restantes grupos da Corporación, ás reivindicacións de Correos e, sobre todo, datos importantes dos que falan, por exemplo, do 23 % de cidadáns que teñen problemas de acceso ao servizo bancario, igual non o notamos nesta zona, pero si en zonas do rural, a mítica Caixa Postal que hai anos que foi privatizada, podería ser unha maneira de achegar iso a moitos municipios e concellos, non ao noso, que entidades bancarias aínda temos, aínda que ás veces saturadas, podería ser unha solución moi intelixente a concellos onde non hai entidades bancarias. E, por suposto, agradecer o traballo dos traballadores de Correos que, dificilmente e con moita precariedade, intentan atendernos a todos os que estamos no seu ámbito de actuación.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Todo o noso apoio a esta moción e sobre todo ás persoas. Creo que coincidimos os catro grupos neste tema, ao final un servizo tan bonito e un servizo que serviu de tanto, como o de Correos, desde os seus inicios, cantas comunicacións traía o carteiro do outro lado dos mares e dos océanos e que, por modas e por tecnoloxía, foi derivando noutro tipo de cartas pero sigue sendo un servizo esencial, que esperemos que siga sendo un servizo público e todo o noso apoio a esas persoas que están facendo o traballo no día de hoxe. Desde o Concello xa vimos denunciando durante anos esta situación, sempre solicitando unha oficina máis grande en Salceda, contar con reparto propio en Salceda, pero a verdade é que foi o contrario, esperemos que, polo menos, non sigan empeorando as condicións, oxalá melloren e esperemos que non sigan empeorando as condicións e darvos moito ánimo e que vaia mellorando a cousa.

**Sr. Guerra García:** A min case todas as empresas públicas cando queren empezar a enfocar o camiño da privatización, case todas teñen o mesmo estilo, empézase por deteriorar o servizo e logo, cando o servizo está deteriorado, ou se privatiza ou se elimina. A min isto lémbreme a cando Renfe, hai algo máis de 20 anos, empezou a mudar os servizos dos trens de Ourense a Vigo e como logo non lle servían a ninguén porque os horarios novos non cadraban coas necesidades da xente pois empézase a retirar servizos e péchanse as estacións. Isto forma parte da peste das privatizacións e servizos tan básicos que poden estar dentro dos servizos universais públicos como é Correos, xa leva anos cun deterioro ben intencionado, indubidablemente, para favorecer o que? A actividades privadas arredor das actividades que debía desenvolver Correos. Chama atención que, mentres a propaganda na televisión de Correos nos fale do papel que fai o persoal de Correos en canto a ser os elementos de socialización nos lugares máis afastados da xeografía en calquera lugar, e resulta que logo, o outro dicía que o coronel no ten que lle escriba, pero dá igual porque escribíalle pero non lle chegaba a carta porque non chegaba o carteiro. A verdade é loable que o persoal de Correos sexa o primeiro en defender a propia institución como tal que é Correos e en todo caso de parte do BNG todo o noso apoio.

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE de votos a favor, adoptando os seguintes Acordos:**

1.- Trasladar ás traballadoras e traballadores da Unidade de Correos do Porriño o apoio do Concello de Salceda ás súas demandas laborais, no sentido de dotala do persoal, recursos materiais e medios técnicos necesarios para a prestación dos servizos postais en condicións

da mellor calidade.

2.- Demandar da dirección da Sociedade estatal Correos e Telégrafos:

- A dotación de todos os recursos necesarios, humanos, cubrindo en todo momento as ausencias e materiais, en orde a garantir a prestación dun servizo postal universal público e de calidade en toda a Unidade do concello de Salceda de Caselas, para poder realizar o reparto os cinco días da semana, garantindo a contratación do persoal suficiente.
- A dotación de máis persoal na oficina de atención público de Salceda para que a cidadanía non teña que estar a sufrir esperas e a ampliación do horario para prestar atención tamén de tarde.

3.- Manifestar a firme aposta porque Correos siga a operar como servizo postal universal de carácter público fronte a calquera tentativa privatizadora, presente ou futura.

<b>Moción urxente do grupo do PP sobre o 25N</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 5, Ausentes: 0

### **“MOCIÓN CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES**

O 25 de novembro celébrase o Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller. Trátase dun día no que como sociedade queremos amosar o noso máis profundo rexeitamento a todo tipo de violencia contra as mulleres. Porque a dignidade de cada muller é innegociable: respéctase, protéxese e deféndese, de feito que a sociedade no seu conxunto debe asumir esta máxima e deben ser os poderes públicos os encargados de garantila.

Porque non podemos esquecer que a violencia de xénero é un problema público e social de primeira magnitude, cuxas raíces se atopan na propia estrutura da sociedade, no seu funcionamento e na maneira en que asigna roles a homes e mulleres creando unha desigualdade inaceptable. Deste xeito, a violencia contra as mulleres representa un ataque directo ao dereito á vida, á integridade física, á liberdade, á non discriminación e, en definitiva, á dignidade, todos eles valores irrenunciabes que proclaman tanto a Constitución española coma o noso Estatuto de Autonomía. Por iso, temos o deber de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos, algo que concirne de xeito especial ás administracións públicas.

Os datos que coñecemos son pouco alentadores: as agresións sexuais e as violacións non paran de aumentar no conxunto de España, seguen aumentando tamén as vítimas da trata, séguense producindo asasinatos de mulleres a mans das súas parellas ou exparellas, mesmo no caso das mulleres que xa estaban dentro do sistema VioGen, e é continuo o goteo de sentenzas con rebaixas de condenas a agresores sexuais e pederastas. A todo isto súmanse os erros producidos no sistema de control de pulseiras antimaltrato (o



sistema COMETA), e que supuxeron unha desprotección intolerable para as vítimas.

Porén, debe ser un obxectivo prioritario de gobernos e administracións acadar a eliminación de todas as formas de violencia que aínda hoxe afectan as mulleres. Para iso, é preciso a implicación e a concienciación da cidadanía, porque a violencia de xénero é un problema de todas e todos e, polo tanto, entre todas e todos debemos tentar derribar os muros de silencio que aínda a rodean.

De igual xeito, tamén as mulleres e a sociedade no seu conxunto precisan de gobernos á altura das circunstancias, que tomen medidas axeitadas para erradicar a violencia de xénero en todas as súas formas.

Apelamos á tolerancia cero cos maltratadores para poñer fin a esta repudiable lacra e, xunto con toda a cidadanía, colaborar na construción dunha Galicia máis solidaria, máis equilibrada, máis igualitaria e sen discriminación.

**POR TODO O EXPOSTO, O GRUPO DO PARTIDO POPULAR PROPÓN O SEGUINTE ACORDO:**

**1. Instar ao Concello de Salceda de Caselas a:**

- Mellorar a capacidade da detección temperá de todos os tipos de violencias contra as mulleres e os menores desde todos os recursos municipais e en coordinación coa Policía municipal e os servizos sociais e sanitarios.
- Facilitar, na medida do posible, a formación do persoal municipal e, en especial, daqueles que teñan atención ao público para detectar os posibles casos de violencia encuberta.
- Promover campañas para que os concellos que non forman parte do sistema de seguimento policial de vítimas de violencia de xénero, VioGén, se integren nel.
- Desenvolver campañas divulgativas e preventivas de xeito continuado contra todo tipo de violencia de xénero, con especial incidencia as dirixidas á poboación infantil e adolescente, en coordinación coa comunidade educativa.
- Promover, a través dos centros municipais para a mocidade, accións dirixidas a este colectivo para a prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.
- Impulsar as mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, en colaboración coa Xunta de Galicia, como instrumentos para optimizar a cooperación de todas as institucións e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero.

**1. INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A:**

- Impulsar medidas para fortalecer o sistema VioGén2, garantindo a súa eficacia real na protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Asumir as responsabilidades ante o gravísimo fallo no sistema de control de pulseiras antimaltrato vinculadas ás ordes de afastamento en procesos de violencia de xénero, denunciado recentemente pola Fiscalía.
- Realizar unha auditoría independente para coñecer a dimensión da gravidade do ocorrido no fallo das pulseiras antimaltrato, co obxectivo de depurar responsabilidades,

dispoñer de toda a información e evitar que algo así volva suceder no futuro.

- Garantir a protección das vítimas de violencia de xénero cuns dispositivos telemáticos seguros, fiables e realmente útiles, que dean información veraz en todo momento, axudando as mulleres vítimas a superar esa situación con confianza e seguridade, incluídas as mulleres que viven en contornas rurais.
- Poñer en marcha todas as medidas sen cumprir do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, especialmente as relativas á modificación do Código penal, Lei de axuízamento criminal e a aprobación da Lei de trata e a explotación de persoas.
- Adoptar medidas concretas para paliar a revitimización de mulleres e menores froito da aplicación da Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral de liberdade sexual.
- Poñer ao dispor das comunidades autónomas -singularmente de Galicia- os recursos necesarios para seguir impulsando plans de prevención e detección dos delitos de violencia de xénero, trata e explotación de seres humanos.

#### 1. INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A:

- Elaborar un marco de actuación para previr, detectar e actuar ante calquera manifestación de violencia de xénero que poida estar a sufrir unha nena ou muller con discapacidade.
- Fomentar os recursos, servizos e prestacións existentes ao dispor das vítimas de violencia de xénero como as axudas directas periódicas, as axudas para darlles solucións habitacionais, as axudas para a súa inserción laboral co fin de que logren unha plena independencia do seu agresor, atención psicolóxica e a asistencia xurídica gratuíta.
- Poñer en marcha o Plan integral de actuación para a renovación e impulso dos CIM de Galicia co fin de impulsar a súa actividade, optimizar este recurso e adaptalo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.
- Fomentar a Rede galega de entidades locais contra a violencia de xénero.

**Sometida a votación a urxencia da moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE DE votos a favor.**

**Sra. Pérez Cabaleiro:** Como comentei na anterior moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego, creo que o debate non debe ser partidista senón que todos debemos estar de acordo en que todos temos que apoiar medidas de prevención e fomentar a igualdade e a loita contra a violencia de xénero, como xa nomeei anteriormente, creo que nós instamos a todos os grupos políticos e a todas as administracións, governe quen governe, sobre todo a nosa, como ben se viu, instamos á Xunta de Galicia a fomentar e a levar a cabo medidas para a prevención e erradicación da loita contra a violencia de xénero, e moitas das medidas que ti comentaches na túa moción, Tano, nós xa dixemos que coas medidas estabamos de acordo, de feito, algunhas delas nós tamén as instamos, neste caso, á Xunta de Galicia, e como xa debatemos anteriormente a moción cunhas instancias parecidas, deixamos a vosa disposición.

**Sra. González Luis:** Penso que todas e todos os aquí presentes coincidimos en que se debe erradicar a violencia de xénero, creo que aí estamos todos e todas de acordo; mais tamén penso que as visións e as opinións partidistas son as que axudarán a tomar as decisións tras



chegar a acordos que van a encamiñar as medidas que dean solución ao problema, sen opinións diferentes, sen debate, sen acordos, non se toman medidas claras e non se soluciona o problema. En canto ao apartado no que se insta ao Concello, son seis puntos, ínstase ao Goberno de España en sete puntos e ínstase á Xunta de Galicia en catro puntos. A concelleira dá-lle importancia a que se inste á mellora do tratamento da violencia de xénero a todas as administracións, pero si que é certo que vexo que non se solicitan na mesma medida a todas as administracións. En canto á que a nós nos compete, na que temos un peso directo, que é a do Concello de Salceda, estamos de acordo co primeiro apartado, de mellorar a capacidade de detección temperá de todos os tipos de violencia das mulleres e dos menores, con todos os recursos municipais. Cremos que o traballo en rede é fundamental e, sobre todo, se o traballo entre a nosa Administración está coordinado, pódese sacar moita máis rendibilidade, así que traballaremos, por suposto, na mellora deste punto.

No segundo aspecto, falan vostedes da formación do persoal municipal para poder atender o público e identificar posibles casos de violencia, punto no que tamén estamos de acordo. Cremos que a formación é fundamental, debemos estar formados para coñecer a realidade e para coñecer como actuar ante ela, por iso cando se organizou unha formación para o persoal municipal, os concelleiros e concelleiras deste Goberno asistimos a esas xornadas formativas para aprender e mellorar en todo o que na nosa man estea sobre a Igualdade. Unha pena que os conselleiros do Partido Popular non asistisen.

O punto tres, en canto a promover campañas para que os concellos que non forman parte do sistema de seguimento policial de vítimas de violencia de xénero VIOGEN se integre nel, Salceda, como ben se indica nesta moción, xa forma parte do sistema de VIOGEN, foi unha das primeiras da provincia de Pontevedra. Creo que non está na nosa man encabezar este tipo de campañas de promoción de adhesión aos diferentes concellos, creo que lle toca a outras administracións, o que si está claro é que desde este Concello estaremos aí para tender a man a outros concellos que queiran dar o paso, consultar, compartir experiencias que poidan ser útiles e, evidentemente, compartir con outros concellos en todo o que poida axudarlles a tomar a decisión de formar parte deste sistema, no que cremos firmemente.

Apartado catro, desenvolver campañas divulgativas e preventivas de xeito continuado para a xuventude ou infancia, en coordinación coa comunidade educativa, xa o estamos facendo, xa se ven facendo. Creo que a coordinación é marabillosa, desde aquí, tamén, agradecer a predisposición dos equipos directivos e da comunidade educativa en xeral, non só equipos directivos, senón tamén ANPAS e outras asociacións, porque a verdade é que o poñen moi fácil neste sentido.

Xa, por rematar coa nosa parte, en canto a impulsar mesas locais de coordinación interinstitucional, é certo que aquí xa se fai, xa se fai a Mesa local sobre violencia de xénero, onde participan outras institucións como a Subdelegación do Goberno e estaríamos dispostos a facelo tamén coa colaboración da Xunta de Galicia, así como con todas as entidades que queiran sumarse ao traballo en rede para mellorar e para erradicar a violencia de xénero. En canto ao apartado que insta ao Goberno, vemos que se focaliza sobre todo na temática da gravidade do ocorrido cos fallos das pulseiras antimaltrato. Entendemos a preocupación por un problema tan sensible, xa que a protección da vítima de violencia de xénero debe ser unha prioridade absoluta e consideramos que a realización dunha auditoría para coñecer a dimensión da gravidade do ocorrido, do fallo destas pulseiras antimaltrato, podería ser positiva sobre todo de cara a evitar que algo así poida suceder nun futuro.

Finalmente, no último apartado, que dicía a concelleira que defendía a moción que o Partido

Popular, dicía sobre a moción do BNG que era unha moción partidista e que a súa non era, eu creo que claramente si o é, e nun creo que tampouco iso sexa algo malo, o Partido Popular é un partido e debe ter opinión, voz e voto e polo tanto aquí se ve. Focalizan vostedes de moito no segundo apartado, instan ao Goberno de España falando de que cumpran e de que implanten as medidas que aínda non fixeron, cando temos unha Administración máis preto dos concellos e dos cidadáns que é a Xunta de Galicia á que, casualmente, non se insta e non se dirixe para que cumpran, senón que se propoñen aspectos novos, cando eu creo que hai moitas cousas que deberían cumprir que aínda non fan.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Entendemos que todas as reivindicacións desta moción son lexítimas, independentemente de que, evidentemente, son dun partido, tende máis cara ao seu partido que a cara ao dos demais, pero incluso as que son de instar ao Goberno de España estamos de acordo en reivindicalas e, polo tanto, vamos a apoiar esta moción.

**Sr. Guerra García:** Non vou dicir que é unha moción partidista porque xa dixo a señora Concelleira. Eu, en todo caso, chámame a atención, ás veces as propostas que se fan parecen un pouco botadas ao aire coma un punto de dados, porque o Concello non ten por que promover campañas, efectivamente, para que outros concellos se integren ou VIOGEN, en todo caso sería algo a pedirlle ou ben á Xunta de Galicia ou ben, efectivamente, á Administración estatal porque son os que teñen, en todo caso, o cometido de dicir alá onde hai concellos que non se integran podendo facelo que se integre. Chámame a atención por exemplo que se diga para o concello de “desenvolver campañas divulgativas e obxectivas de xeito continuado en especial incidencias dirixidas á poboación infantil e adolescente”, a min encántame este apartado, pero resulta que antes falabamos da Consellería de Educación e o seu papel nas escolas, e que se lle pida isto a un concello cos recursos limitados como ten o noso, cando precisamente é un cometido que a propia Administración educativa, que depende da Xunta de Galicia, pois pasa bastante, é para facelo pensar. Estamos de acordo en que o tema de VIOGEN foi un tema gravísimo, o que hai que dicir é tamén o porqué: é un sistema privatizado, o tema de VIOGEN é un sistema privatizado. Tamén, non me estraña que a Administración non se decate, por que? Porque cantidade de veces, cando hai un servizo privatizado, tárdase en darse de conta a Administración que é responsable de que algo está fallando, porque quen ten a capacidade de saber quen ten os fallos e quen desenvolve o servizo, e iso non se fai constancia da gravidade de privatizar determinados servizos e o de VIOGEN é un deles. A señora Concelleira antes dicía que nós pedíamos á Xunta de Galicia a cuestión de recursos, non o pediamos, faciamos referencia a que os recursos para as mulleres están en cantidades inferiores ao 2007 cando se aprobou a lei, a primeira Lei galega de violencia de xénero, sen contar o que fora a actualización do custe de vida, pero casualmente nós non o poñiamos como unha petición á Xunta de Galicia pero o Partido Popular tampouco o fai tampouco, di fomentar recursos, servizos e prestacións... Que se fale claramente de que a Xunta de Galicia non ten nin actualizados, nin sequera co IPC, as axudas que dá ás vítimas de violencia de xénero e o que nós falabamos é a ausencia das vítimas de violencia sexual que non están incluídas nese apartado que poden acceder ás axudas, axudas que están por baixo dos valores do 2007.

**VOTACIÓN:** Realizada a votación da moción esta **RESULTA APROBADA** por **OITO VOTOS** a favor dos/as concelleiros/as do Grupo municipal do PP (6), PSdeG-PSOE (2) e CINCO



**ABSTENCIÓNS dos/as concelleiros/as do Grupo municipal Movemento Salceda (4) e BNG (1), adoptándose o seguinte:**

**ACORDO:**

**1. Instar ao Concello de Salceda de Caselas a:**

- Mellorar a capacidade da detección temperá de todos os tipos de violencias contra as mulleres e os menores desde todos os recursos municipais e en coordinación coa Policía municipal e os servizos sociais e sanitarios.
- Facilitar, na medida do posible, a formación do persoal municipal e, en especial, daqueles que teñan atención ao público para detectar os posibles casos de violencia encuberta.
- Promover campañas para que os concellos que non forman parte do sistema de seguimento policial de vítimas de violencia de xénero, VioGen, se integren nel.
- Desenvolver campañas divulgativas e preventivas de xeito continuado contra todo tipo de violencia de xénero, con especial incidencia as dirixidas á poboación infantil e adolescente, en coordinación coa comunidade educativa.
- Promover, a través dos centros municipais para a mocidade, accións dirixidas a este colectivo para a prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.
- Impulsar as mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, en colaboración coa Xunta de Galicia, como instrumentos para optimizar a cooperación de todas as institucións e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero.

**2. Instar ao Goberno de España a:**

- Impulsar medidas para fortalecer o sistema Viogen2, garantindo a súa eficacia real na protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Asumir as responsabilidades ante o gravísimo fallo no sistema de control de pulseiras antimaltrato vinculadas ás ordes de afastamento en procesos de violencia de xénero, denunciado recentemente pola fiscalía.
- Realizar unha auditoría independente para coñecer a dimensión da gravidade do ocorrido no fallo das pulseiras antimaltrato, co obxectivo de depurar responsabilidades, dispoñer de toda a información e evitar que algo así volva suceder no futuro.
- Garantir a protección das vítimas de violencia de xénero cuns dispositivos telemáticos seguros, fiables e realmente útiles, que dean información veraz en todo momento, axudando ás mulleres vítimas a superar esa situación con confianza e seguridade, incluídas as mulleres que viven en contornas rurais.
- Poñer en marcha todas as medidas sen cumprir do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, especialmente as relativas á modificación do Código penal, Lei de axuízamento criminal e a aprobación da Lei de trata e a explotación de persoas.
- Adoptar medidas concretas para paliar a revitimización de mulleres e menores froito da aplicación da Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral de liberdade sexual.



- Poñer ao dispor das comunidades autónomas -singularmente de Galicia- os recursos necesarios para seguir impulsando plans de prevención e detección dos delitos de violencia de xénero, trata e explotación de seres humanos.

3. Instar á Xunta de Galicia a:

- Elaborar un marco de actuación para previr, detectar e actuar ante calquera manifestación de violencia de xénero que poida estar a sufrir unha nena ou muller con discapacidade.
- Fomentar os recursos, servizos e prestacións existentes ao dispor das vítimas de violencia de xénero como as axudas directas periódicas, as axudas para darlles solucións habitacionais, as axudas para a súa inserción laboral co fin de que logren unha plena independencia do seu agresor, atención psicolóxica e a asistencia xurídica gratuíta.
- Poñer en marcha o Plan integral de actuación para a renovación e impulso dos CIM de Galicia co fin de impulsar a súa actividade, optimizar este recurso e adaptalo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.
- Fomentar a Rede Galega de Entidades Locais contra a violencia de xénero.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**Dación de conta de decretos desde o núm. 2025-1051 de 25 de agosto ata o núm. 2025-1337 de 24 de outubro**

Queda dada conta.

**Dación de conta do Informe de Intervención 2025-0191 de execución do 2º trimestre de 2025**

Queda dada conta.

**Petición de comparecencia: COMPARECENCIA URXENTE da Sra. Alcaldesa no Pleno de hoxe xoves 30 de outubro ás 20:30 horas para dar explicacións sobre a manipulación e posterior eliminación e substitución da miña persoa polo concelleiro Alejandro Canosa nunha fotografía oficial publicada nas redes sociais do Concello**

**Sra. Alcaldesa:** Unha comparecencia da que non tería que dar conta hoxe, senón recollela e facela no vindeiro Pleno, pero como xa vós teño acostumbrados e acostumbradas gústame, cando se me pide comparecer, facelo o antes posible. A comparecencia urxente di o seguinte:

“Comparecencia urxente da Sra. Alcaldesa no Pleno de hoxe, xoves 30 de outubro, ás 20:30 horas para dar explicacións sobre a manipulación e posterior eliminación e substitución da miña persoa polo concelleiro Alejandro Canosa nunha fotografía oficial publicada nas redes sociais do Concello de Salceda de Caselas”. Esta petición faina o portavoz do PP, Santiago Rodríguez Davila.



Paso a comparecer:

Esta alcaldesa que vos fala, e organización política da que formo parte, Movemento Salceda, cre na transparencia, na información e, desde logo, a nosa posición será sempre favorable a dar as explicacións que se nos pidan en asuntos de carácter e interese público. Esta mañá, ás 10:45 horas, recibín un WhatsApp dun veciño onde me enviaba unha nota de La Voz de Galicia e me preguntaba que pasara, que acababa de velo nas redes sociais de Santiago Davila. Como ben sabedes, eu non teño redes sociais e non estou atenta ao que acontece en cada momento, pero tan pronto puideron, reunímonos co equipo e vimos que efectivamente había un erro do que non eramos conscientes, pois esa publicación levaba feita días e ninguén se decatou dese erro. Deseguida tomamos as medidas oportunas. Primeiro, mudar a imaxe incorrecta nas publicacións de redes do Concello. Segundo, facer públicas as nosas desculpas nas redes sociais do Concello e nas de Movemento Salceda. Terceiro, enviar as mesmas desculpas ao portavoz do Partido Popular, Santiago Rodríguez Davila. E cuarto, mudar os contrasinais das redes sociais do Concello. O texto publicado e enviado ao portavoz as 11.33 horas é o seguinte: “Desde o equipo de goberno do Concello de Salceda queremos pedir desculpas ao Grupo Municipal do Partido Popular e ao seu voceiro Santiago Rodríguez por un erro na publicación dunha nova nas redes sociais do Concello cunha imaxe incorrecta que non debía ser publicada, de feito, a imaxe orixinal xa fora publicada na mesma canle o 27 de maio”, e axuntamos o enlace con esa publicación, “a imaxe xa foi substituída en canto se detectou o erro. Desde o Concello estamos a investigar como se produciu este feito e adoptaranse todas as medidas de seguridade precisas para que non volva a acontecer. Reiteramos unha vez máis as nosas desculpas, en ningún momento se pretendeu ocultar nin danar a imaxe de ninguén”.

Como ben sabedes as comparecencias non supoñen un acordo, pero si se poden someter a debate. Teñen a palabra os promotores e os que solicitaron esta comparecencia, o Partido Popular e entendo que falará o que a solicitou o portavoz de Partido Popular, Santiago Rodríguez Davila.

**Sr. Rodríguez Davila:** Se para vostede isto, que é a foto oficial onde aparece a miña persoa xunto aos que alí estábamos aquel día de maio na visita oficial da Conselleira onde firmamos o convenio de colaboración Concello-Xunta de Galicia para realizar o saneamento non Cerquido, é o mesmo que esta foto manipulada, non foi un erro. Unha foto manipulada onde claramente se me corta adrede e intencionadamente para substituírme polo Concelleiro Alejandro Canosa e así publicar de novo esa información aos veciños e eliminar desta a quen lles fala, é dicir, ao portavoz do grupo maioritario, ao portavoz que tivo máis respaldo polos veciños nas urnas e o portavoz que, por certo, traballou arreo para que ese convenio fose unha realidade, a pesar de que algúns non o queiran recoñecer, pois é lamentable e triste nunha democracia. Señora Acaldesa, despois de escoitala, non crea vostede que nós cremos o que acaba de dicir, non nos faga tomar por parvos nin tontos os veciños.

Non foi un erro, iso non é un erro, iso é unha censura en toda regra. Insisto, recortar adrede a miña persoa no medio dunha fotografía e substituíla por un concelleiro que estaba no extremo esquerdo desta e colocalo no meu sitio é indigno de calquera persoa que ocupe un cargo público, e vostede, o ocupa, e vostede non merece o respecto e non merece o apoio un minuto máis. Non veña con falsas desculpas, señora Dolores Castiñeira, pretendendo facernos, como dixen, que isto foi un erro. Isto é unha decisión predeterminada e *a sabendas*

de eliminar o adversario político, foi un acto adrede e é un acto deleznable, miserable e indigno dun goberno. Un acto que nin os nenos máis pequenos de menor idade non serían capaces, despois das súas *rabietas*, de facer tal cousa. Vostedes quedan desautorizados para seguir falando de igualdade e respecto aos demais. Vostede, señora Castiñeira, con este acto de dar a orde de eliminar a un representante dos veciños dunha foto oficial, demostra a súa ruindade, e reitérolo por terceira vez neste Pleno, vostede é ruín, vostede pretende ocultarme, vostede pretende invisibilizarme e desprestixiarme, non só con accións vergoñentas como as de hoxe, senón diante de colectivos con manipulacións moi graves nos últimos tempos. Vostede non só eliminou dunha foto a Santi, iso é o de menos, señora Dolores Castiñeira, o máis triste é que eliminou desa foto a un representante público elixido nas urnas polos veciños que, como dixen anteriormente, me deron maioritariamente o seu apoio; máis de 2.100 veciños representamos eu e os meus compañeiros nesta Corporación municipal. Vostede non leva nada ben o de non gañar eleccións, o de ser *vapuleada* en votos na súa parroquia de Soutelo polo compañeiro Joaquín, vostede non é unha demócrata exemplar, a vostede gustaríalle vivir en outro réxime diferente, pero non, por sorte, vivimos nunha democracia señora Castiñeira. Vostede detesta os adversarios políticos, os que lle facemos propostas positivas, que melloran as súas propostas e que teñen o apoio dos colectivos e a maioría dos veciños e iso vostede detéstao. Ten rabia e ten odio, dígoos claramente, a quen fiscalizamos a súa nefasta xestión política, económica e institucional.

Suplantar un concelleiro, por outro, é dunha baixeza moral e ética sen precedentes no noso Concello, nin nos peores momentos o señor Besada Marcos chegou tan lonxe, e que o señor Alejandro, vostede queira suplantarme, xa lle gustaría, señor Canosa, gañar eleccións e ter o respaldo maioritario dos veciños.

Hoxe transmitíronme moitos veciños e amigos frases e palabras como “o nunca visto”, “increíble”, “vaia *xentuza*”, “deplorable”, “antidemocrático” e así todos os cualificativos que cadaquén poida imaxinar, a todas estas persoas, grazas, e a moitos outros que publicamente o manifestaron.

Do Sr. Alejandro Canosa, da señora, tamén teño que dicilo porque estou seguro que está detrás tamén disto, da señora Teresa Pérez e da señora Alcadesa, un sempre se pode esperar calquera cousa, agora, de vostedes señor Marcos Troncoso e señora Selene, a verdade é que se seguen apoiando e formando parte deste goberno di moito de vostedes, a pesar de, como ben saben vostedes dous, a estima persoal que lle tiña a ambos os dous. En serio que van seguir formando parte dun goberno e dunha agrupación política que actúa deste xeito con un compañeiro de Corporación, con un veciño que simplemente estaba nunha foto ao lado dos veciños, en un día feliz para todos, porque conseguíamos algo importante, e que actúan vostedes deste xeito tan mesquiño? Pero en que tempos viven vostedes señores de Movementsos Salceda? Para min, perdoen, pero toda estima que lles tiña, non todo vale, hoxe a perderon. Desde xa, comunico oficialmente que o Partido Popular de Salceda de Caselas rompe a relación institucional con Movemento Salceda. O portavoz do BNG, dixo hai un rato que se xestionar un Concello con miras persoais é perigoso. Efectivamente, señor Salustiano, este é o claro exemplo diso, pero vostede seguro que seguirá apoiando a señora Dolores Castiñeira. E vostedes, señores do Partido Socialista, van seguir vendo para outro lado en actuacións tan desprezables como a que a miña persoa sufriu no día de hoxe? Non van a dicir nada publicamente? Non van a esixir responsabilidades políticas a quen as cometeu? Hai límites que non se poden e non se deben de pasar, nin apoiar ou pasalos, vostedes saberán de que lado están. Señora Alcadesa, por todo o que lle acabo de mencionar, teño que pedirlle formalmente responsabilidades



políticas, en actos e acontecementos como este vostede non pode seguir presidindo este Concello, vostede queda deslexitimada para seguir un minuto máis á fronte do noso Concello e vostede ten e debe dimitir ante a gravidade do sucedido. Se non o fai e os seus socios de investidura, PSOE e BNG a seguen reamparando, serán tan cómplices e responsables por darlle cabida a actos antidemocráticos como os que estamos a falar. Esperamos ter noticias súas, señora Alcaldesa, se non, non teña dúbida de que terá noticias nosas.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Hoxe tiñamos un Pleno no que o primeiro punto da Orde do día era a declaración de especial interese para a traída de augas do Barreiro, a Ordenanza reguladora do servizo de recollida, ratificación de apartado resolución..., creo que todos os puntos eran produtivos, positivos para a cidadanía, houbo unha moción en conxunto de todos os grupos municipais, digamos que o único punto conflictivo era o tema da RPT.

Onte á tarde, ao saír da Comisión de Deportes, estaba a compañeira Ana Cristina tamén, varios compañeiros de goberno, dixen: mañá imos ter un Pleno tranquilo. Cando pola mañá me chegou o WhatsApp da foto, xa dixen, buf!, xa temos armada de novo. A cuestión é: non é normal esa situación, é dicir, eu podo entender que un se engane subindo unha foto ou outra pero que se suba unha foto trucada non me parece lóxico. Evidentemente, tampouco falamos moito dentro do grupo municipal do tema, foi unha cousa que nos pillou un pouquiño de sorpresa, pero si que entendemos que debe pedir algún tipo de responsabilidade a alguén. Logo, o que me vén á cabeza, como acabo de dicir, hoxe a maior parte dos puntos da Orde do día eran produtivos, case practicamente, todos de consenso, o feito de que sucedan cousas coma esta, e que se creen liortas entre grupos políticos, é o que despois leva a que aparezan predicadores da política que están en contra de todo, e que teñan éxito electoral porque ven que ás veces a política institucionalizada acaba en cousas coma esta, predicadores, refírome a Wilders ou Ventura en Portugal, algún por aí dese estilo. Entón, eu si que entendo que o goberno debe dar, debe haber algún tipo de responsabilidades por este tema.

**Sr. Guerra García:** A nós a situación parécenos impresentable, sinceramente, impresentable. Nós cremos que aos adversarios políticos hai que gañarilles no debate, nas propostas. O xogo da imaxe que parece que tantos resultados dá, as redes sociais, ás veces a mostra do que non é real, nos pode levar á situacións de tentativas ou directamente de actuacións adrede, intencionadas. Nós, todo o que sexa tentar manipular á través da imaxe, sempre o combateremos, igual que criticamos que o luns apareza nun medio o señor deputado provincial que veu as obras de Entenza con dous representantes do Partido Popular dicindo que os 875.000 € daquela obra son cousa da Deputación, temos que criticalo, e de facto había unha nota de prensa por aí para responder a esa situación. O de hoxe parécenos realmente impresentable. Eu creo que, señora Presidenta, este goberno debe dar algún tipo de explicación máis convincente.

**Sra. Alcaldesa:** Creo que xa comparecín, xa din as explicacións, o Goberno e eu mesma dixemos que estamos a investigar o acontecido, e agora mesmo tampouco estou en disposición de darvos máis explicacións. Ademais diso faleivos das medidas que se adoptaron en cuestión de minutos, como, en primeiro lugar mudar esa imaxe, non é o noso estilo nin ocultar, nin deturpar, nin modificar imaxes porque efectivamente había unha publicación xa feita do 27 de maio na que aparecía a foto con Santi. Non é para nada o noso estilo, podes



comprobalo nas redes sociais, non sabemos que aconteceu, estase investigando, e cando saibamos o que aconteceu daranse as explicacións pertinentes, Ademais diso, sabiamos que mesmo así tiñamos que facer unha desculpa pública. Fixémola, tanto en redes sociais do Concello como de Movemento Salceda. Falei co candidato do Partido Popular pedíndolle as miñas desculpas, tamén teño que dicir que non tiveron resposta. Eu creo que estas cousas se falan de xeito persoal e se dan explicacións, non teño nunca, non me doe pedir desculpas cando teño que pedilas, pero o que teño que dicirvos é que se está investigando e que, polo tanto, agora mesmo non podo darvos ningún tipo de explicación máis. O que si é que se tomaron o antes posible todas as medidas oportunas e unha das máis importantes foi mudar as claves das redes sociais, que ademais serán cambiadas cada semana. E isto é o que vos podo dicir. No meu nome e no do Goberno reitero as miñas desculpas ao compañeiro e como dixen na miña comparecencia, para nada pretendín nin ocultar, nin danar a imaxe de ninguén, non o fixen xamais e xamais o farei. Eu non estou en política para iso, estou en política para mellorar a vida dos meus veciños, da cidadanía e non para facer este tipo de *triquiñuelas* que se lle dan mellor a outros partidos políticos.

**Sr. Rodríguez Davila:** Pido a palabra, a comparecencia está regulada e eu teño dereito a un segunda quenda de intervención.

**Sra. Alcaldesa:** Houbo unha quenda para todo o mundo, eu fixen a miña comparecencia, houbo quenda para todos os compañeiros e damos por rematada.

**Sr. Rodríguez Davila:** Eu teño dereito a unha intervención. É o que faltaría.

**Sra. Alcaldesa:** Joaquín, non interrompa que non ten a quenda de palabra. Por que se salta sempre o regulamento, fai o que lle dá a gana e non mostran ningún tipo de respecto?

**Sr. Rodríguez Davila:** Porque indigna que vostede non saiba dirixir o Pleno como ten que ser acorde ao regulamento que vostede aprobou. Cando vostede non acata o regulamento saltándose o procedemento como anteriormente, non someter a votación...

**Sra. Alcaldesa:** Unha vez mais queda de manifesto o pouco respecto á Presidencia desta de esta sesión plenaria.

**Sr. Rodríguez Davila:** Respecto non me ten vostede a min polo feito do que fixo hoxe con respecto á foto, debería darlle vergonza o que está dicindo así que, por favor, lle pido que me deixe intervir.

**Sra. Alcaldesa:** Pedinlle desculpas de diferentes maneiras e vostede tampouco quixo falar comigo, nin tan sequera me contestou, nin permitiu que eu lle dera calquera tipo de explicación e dicirille que se estaba investigando o acontecido. Eu creo que, polo menos, tería que terme respondido, cousa que non fixo. Se quere falar fale, a min tanto me ten, o debate xa está dado e eu xa din as explicacións que tiña que dar, que xa dixen ao principio que non

tiñan porqué facelo hoxe pero que quixen facelo porque o feito foi precisamente esta mañá.

**Sr. Rodríguez Davila:** Vostede o que non tiña que seguir agora mesmo e aí se tivera un pouco de decencia e de ética e de responsabilidade. É indigno que vostede siga un minuto máis presidindo este salón de plenos e co respaldo que supoño que lle seguiran dando o PSOE e o BNG, vostedes van seguir apoiando a unha persoa que censura a un adversario político dunha forma tan grave, tan contundente e tan indigna? De verdade? Mire, Sra. Alcaldesa, vostede o que tiña que facer, como mínimo, era chamarme por teléfono, nin tivo ni a gallardía de chamarme por teléfono nin iso, un WhatsApp. Pero vostede que se cre? Un WhatsApp. É tan triste e tan lamentable a súa actitude que nin tivo a gallardía de chamarme por teléfono. Pero *bueno* como vai a chamar? Se vostede foi a directora e a que deu a orde para eliminarme da foto. Ou é que aquí nos quere facer parvos? Ou é que somos tontos? Pero vostede de verdade, pero de quen se cre que se vai rir? De min non, e dos meus compañeiros tampouco. E asegúrolle que non vai quedar isto así porque xa digo non é a miña persoa é a quen representamos que son os veciños, non é unha foto dunha cena particular, é unha foto oficial representando os veciños nun acto institucional e vostede elimina ao portavoz do grupo maioritario desta Corporación, o que ten máis votos dos veciños, o que gañou as eleccións e vostede que é a máxima responsable e todos os que a acompañan e todos os que a apoian son cómplices do mesmo, todos. Polo tanto, pido e solicito e espero que recapaciten e nas próximas semanas, meses, veremos o que deciden vostedes, pero non merece esta señora, Dolores Castiñeira, seguir un minuto máis á fronte do noso Concello porque non é digna do mesmo polo que fixo e polo que ordenou facer, porque é a máxima responsable. Polo tanto dito queda o que dixen e espero que se tomen responsabilidades políticas e que vostede tome a decisión de dimitir como alcaldesa como máxima responsable do que aconteceu cara á miña persoa e, se non, tomaremos as nosas decisións e veremos en onde quere estar cada un dos grupos políticos desta Corporación.

**Sra. Alcaldesa:** Reitero, damos fin xa a esta comparecencia, eu non din orde ningunha, ninguén mudou esa foto e estamos investigando, cando teñamos respostas darémolas e volvo a reiterar, a segunda cuestión, as desculpas ao compañeiro Santiago Rodríguez Davila por este erro que se produciu.

## C) ROGOS E PREGUNTAS

### ROGOS

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Na confluencia entre a rúa Rollo e Vitoriano Pérez Vidal, cando se sube da rúa Rollo, ás veces, porque sempre hai coches aparcados sobre a beirarrúa, é bastante difícil a visibilidade, ás veces é complicado, porque por un lado hai un muro, por outro lado, ás veces hai coches aparcados, ver os coches que veñen. Solicitaríamos que se instaurase un espello en fronte, do outro lado da beirarrúa.

**Sra. Alcaldesa:** Recollemos o rogo, en todo caso é a Policía Local quen di se é viable ou non. Se te fixas na vila, no centro urbano hai moi poucos espellos. Cando se instala é por unha



razón importante, ás veces o espello ocasiona incluso máis perigo. De feito, na zona urbana non, pero nas parroquias hai exceso de colocación de espellos que moitas veces ocasionan maior perigo. Consultarémolos, o procedemento é a veciñanza solicita a colocación dese espello, a Policía Local acude a ese lugar, fai un informe, se é viable instálase, e se non o é danse as explicacións oportunas. Será trasladada á Policía Local e que valoren.

**Sr. Guerra García:** Un rogo, señora Presidenta, dirixido tamén ao concelleiro de Deportes, e é que se atendan as necesidades básicas que está requirindo a directiva do Caselas: arranxo do tellado, ten unhas uralitas rotas na zona das bancadas; suxeición das redes exteriores que dan á avenida de Galicia, que están soltas nas partes altas, e que se forren os remates da zona das bancadas na súa parte co campo. O Concello pagou non hai moito unha indemnización por un caso de, creo que dun xogador que tivo unha lesión polo pouco espazo que hai entre o terreo de xogo e o inicio das bancadas, a estrutura de cemento. Parece que a directiva ten solicitado que, co sobranse do campo do Penedo Redondo, co céspede artificial que se tirou de alí, que se debería forrar o que é a zona máis próxima ao terreo de xogo de cara a que cando algún xogador participante se achega que o golpe sexa amortecido dalgún xeito. Cremos que non son grandes cousas nin un custe importante, parece, segundo nos dicían hoxe, que hai unha reunión prevista coa Concellería de Deportes un día destes e o que rogamos é que atendan estas necesidades básicas porque ao fin o cabo tamén estamos falando dun campo municipal.

**Sra. Alcaldesa:** Recollemos o rogo, eu non teño constancia desa solicitude do sobranse para este traballo, igual Marcos si, en todo caso, efectivamente, imos ter unha reunión con eles nos próximos días e falaremos de todos estes temas.

#### **PREGUNTAS:**

**Sr. Rodríguez Davila:** Si, quería preguntarlle, que lle dese a palabra á señora Secretaria para que nos aclarase, se cando un concelleiro pide someter a votación a retirada dun punto da Orde de día se ten que vostede que sometelo a votación.

**Sra. Alcaldesa:** Iso non é unha pregunta.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Como está a situación das licenzas de taxi en Salceda? Porque sei que Carlos cedeu a del, está simplemente Bea e, polo que sei, da anterior había outras dúas que están inactivas.

**Sra. Alcaldesa:** Si, a primeira que mencionache activa está Beatriz Sobrino. A segunda que mencionaches, o traspaso de Carlos está pendente de aprobación da Xunta, nós xa remitimos o noso informe e vacantes creo que non hai. De feito estabamos pensando en crear algunha máis para a mobilidade reducida, porque algunha vez nolo teñen formulado, que un servizo dese tipo mellor cunha furgoneta que poida atender a persoas con mobilidade reducida sería necesario na nosa vila, xa que o servizo de autobús non existe.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Había previsto un aluguer social en Parderrubias e falarase incluso doutro na rúa Arxentina no antigo piso onde estaba Logopedia, como están eses alugueiros sociais?



**Sra. González Luis:** O da vivenda de Fontán está en plena tramitación, creo que xa, espero que xa falte pouquiño para saír, xa estamos coas últimas revisións co equipo de Traballo Social, Secretaría, desde o departamento de Benestar e coido que en cuestión de meses estará listo para que todos os veciños e veciñas que así o estimen e que cumpran o requisito se poidan presentar. O do antigo piso da Logopedia é un pouquiño máis complicado polo tema da accesibilidade, é unha vivenda que non é accesible, estamos estudando diferentes posibilidades para poder realizar, sempre e cando se adapten ás necesidades das persoas por este tema da accesibilidade que che comentaba.

**Sra. Alcaldesa:** Eu creo que incluso xa poderíamos adiantar que o noso problema naquel piso é o da accesibilidade, unha das vías que estudamos é a permuta ou cambio por un baixo, pero xa sabes que a vivenda e os baixos non están precisamente económicos no Concello de Salceda de Caselas nos últimos anos e que a vivenda é un problema en todo o país.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**

